

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ACTA NUMERO CATORCE CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2007.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as doce horas e sete minutos do día dezanove de outubro de dous mil sete reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D. Guillermo Vázquez Vázquez**, **D. Raimundo González Carballo**, **D^a María Dolores Dopico Aneiros**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D. Telmo Martín González**, **D^a Teresa Pedrosa Silva**, **D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti**, **D^a María Guadalupe Murillo Solís**, **D. José Manuel Barragáns Muñiz**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D^a Begoña Laya Iglesias**, **D. Jacobo Moreira Ferro**, **D^a María Celia Soto Espiña**, **D^a Patricia Aboal Agrelo**, **D. Carlos Riveiro Veiga**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Antón Louro Goyanes**, **D^a Margarita Castejón García**, **D. José Antonio García Lores**, **D^a Celia Alonso Caramés** e **D. José Manuel Valcarcel Riveiro**, estando presente o Interventor Xeral municipal **don Miguel Ángel Santirso Fernández** e dando fe das actuacións o Secretario Xeral do Pleno **don José Luis Mato Rodríguez**.

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 29.09.2007.

Dáse conta do borrador da acta de 29.09.2007.

En representación do grupo municipal do Partido Popular fai uso da palabra **don Jacobo Moreira Ferro**, manifestando: "Nós queremos solicitar a corrección duns erros de transcripción na acta, en concreto:

- Páxina 4, liña 34, deberá figurar "inadecuado" en lugar de adecuado.

- Páxina 4, liña 42, deberá figurar "non se axusta á verdade" en lugar de nos asusta a verdade.

- Páxina 5, liñas 16-17 deberá figurar "prover" en lugar de "promover"."

Fai uso da palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, dicindo: "Xa o Sr. Secretario tomou nota do tema e se aproba modificada, dáse por aprobada con esas correccións".

Con estas correccións aprobase a acta por unanimidade.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

2.- URBANISMO. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU NO ÁMBITO DA UNIDADE DE ACTUACIÓN N° 7 E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA, LOGO DA CORRECCIÓN DAS DEFICIENCIAS SINLADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente sobre aprobación provisional da modificación puntual do PXOU no ámbito da Unidade Actuación n° 7 e a súa zona de influencia, logo da corrección das deficiencias sinaladas pola Dirección Xeral de Urbanismo, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 11 de outubro de 2007.

Aberto o debate fai uso da palabra, en representación do grupo municipal do Partido do Socialistas de Galicia-PSOE, **doña María Teresa Casal García**, manifestando: "Moi brevemente porque creo que este tema está xa tremendamente debatido por esta Corporación e pola anterior, simplemente era un asunto que tiña que pasar polo Pleno xa que este é o órgano competente para aprobar a modificación e polo tanto tamén aprobar os reaxustes ou correccións de erros que se deriven do informe emitido pola Consellería de Política Territorial; como xa é sabido había tres temas que había que corrixir, un referido a reservas de equipamento público que non alcanzaban os estándares mínimos, en este caso se trataba de algo menos de trescentos metros cadrados que xa se solucionou ampliando o equipamento coa superficie que fai falta para alcanzar o estándar previsto na Lei e para iso se diminúen os espazos libres na zona, espazos libres, catro, para entendernos, non hai problema porque nos sobran por así dicilo os espazos libres ou zonas verdes polo tanto non había problema para ampliar a zona de equipamentos; en segundo lugar era un problema realmente de erro de grafía porque se trataba de que na trama, no plano que se enviou a Santiago, había a zona que está ao carón do Estadio da Xuventude con unha trama que significaba que seguía sendo de equipamento cando o que quería dicir realmente e que eran espazos verdes, foi corrixir iso que non ten maior problema; e, por último, a observación de que debe acompañarse das determinacións precisas para garantir a continuidade do novo vial co o do exterior, isto tamén se xustifica ante a Xunta de Galicia por unha banda con a data do acordo da Xunta de Goberno Local e a publicación no BOP do proxecto de urbanización dese vial que transcorre pola parte de atrás das naves de pintura que todos coñecemos que está alí, e polo tanto estas son as tres correccións que se fixeron que se enviaron para Santiago; simplemente quería tamén añadir que non constaba no momento en que se fixo a primeira comisión informativa sobre este tema, non tiña chegado ao Concello o informe de Costas, ese foi o motivo que, naquel momento, se alegou por parte do Partido Popular para non votar a favor deste tema dado que

CONCELLO DE PONTEVEDRA

se consideraba por parte de vostedes que non estaba completo o expediente e nós opinábamos o contrario pero agora xa non hai que debatelo porque nestes momentos contamos xa co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas do Goberno do Estado, informe favorable por suposto e polo tanto si creo que xa está o informe completo, en fin xa digo que non me quero alongar máis porque creo que é un tema suficientemente debatido pero esperemos que este sexa xa o paso definitivo para a ulterior aprobación pola Consellería de Política Territorial a aprobación definitiva deste proxecto, que poda ver a luz e que podamos por fin ver realizada esta actuación nunha zona tan importante para Pontevedra e sobre todo, como eu sempre dixen, por dous temas concretos que é a ampliación da Universidade o edificio de Belas Artes e o equipamento hoteleiro."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular, intervén **don Telmo Martín González**, dicindo: "Señora Casal, non soamente non votamos en contra porque faltaban uns informes, un da Dirección Xeral de Costas do Estado que veu favorablemente, pero que falta aínda o de Costas da Xunta que tamén seguramente virá favorablemente, se veu o de Costas do Estado non sei porque non ten que vir o da Xunta e nos parece ben que os informes veñan, pero a nós iso non nos preocupa tanto, o que nos preocupa é o erro histórico que se vai cometer nesa zona con todos os cidadáns de Pontevedra, nós, sebo vostede, que xa na antiga Corporación e tamén agora, non estamos de acordo en que se edifique en Tafisa, non estamos de acordo en que se edifique en Tafisa, incluso o tema da Universidade que nós estamos de acordo que pode ir alí, que hai máis zonas pero parece ser que no plan xeral, no avance, hai outras zonas tamén que poden ser, pero ese non é o debate de agora mesmo, o debate de agora mesmo e que vostedes van a tomar aquí outra vez un acordo de aprobación provisional para o tema de Tafisa e creo que é unha auténtica barbaridade e que habería outras fórmulas de negociar coa empresa que adquiriu os terreos de Tafisa para que se poidan facer esas vivendas repartidas, ao mellor noutra zona da cidade, agora metidas no avance do plan xeral, iso por un lado, parécenos un erro histórico e que vostedes van a ser digamos os causantes de que se cometa ese erro con Pontevedra, non se pode dicir hai tres días na prensa que a través do plan se van a recuperar todos os espazos dos solares que están vacíos na orilla do Lérez para recuperar toda a orilla sur do río Lérez e resulta que por outro lado facemos mil vivendas en Tafisa, non é coherente, non nos parece serio; teño que dicir que nos parece ilegal, me atrevo a dicir, que se estean vendendo as vivendas por parte da empresa promotora sen nin tan sequera ter neste momento iso aprobado, aínda provisionalmente, ese desenvolvemento urbanístico, non nos parece de recibo, non se lle debería permitir ter unha oficina vendendo alí vivendas que neste momento son ilegais, nos parece que non é correcto iso; por outro lado e, por últi-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

mo, que como vostede ben dixo xa se debateu moitas veces e a nós o que nos preocupa é que queremos que iso sexa todo un espazo público, que os 120.000 metros sexan todos de uso público, como parece ser que non vai a ser así que vostedes seguen para adiante con isto o que si queda é o último punto sobre este asunto moi importante para nós é que me espero que vostedes recapaciten e o informe que hai dentro do expediente por parte do Arquitecto municipal de que van a vender o solo creo que é a 307 €/m², é unha cuarta parte do seu valor, que non leven a cabo, vostedes saben que agora hai que facer un proxecto de compensación despois de que aproben isto para, digamos, que o Concello sexa dono dos solares pola edificabilidade que le pertence ao Concello, entonces nese proxecto de compensación se vostedes antes lle venden directamente a LAR que o poden facer que a lei lle di que o poden facer, nós teremos que ir aos tribunais con ese asunto, se vostedes fan o proxecto de compensación e despois o queren subhastar pois xa son os que queren acceder e o Concello que faga o que lle dea a gana, meparece perfecto, pero dende aquí denunciámos que non se lle ocorra a vostedes venderlle a pouco máis de 300 € á promotora LAR o solo que lle pertence ao Concello, eses son os puntos que queríamos dicir e polo tanto neste punto imos votar en contra porque nós queremos que os terreos de Tafisa sexan todos públicos."

A continuación fai uso da palabra a **Sra. Casal García**, para dicir: "Mire señor Martín, de verdade creo que ata agora non me metín para nada con vostede, ou sexa non dixen nada de todo isto que anda por aí circulando de que a súa empresa e vostede teñen problemas ou deixan de ter, que se hai delitos fiscais, que se hai delitos de branqueo de diñeiro, non me metín para nada, pero que vostede teña a desfachatez, porque é auténtica desfachatez, de vir a falar aquí de ilegalidades ou non ilegalidades que en todo caso competeranlle á empresa promotora non ao Concello e de que fale de que non nos atrevamos a.. porque senón vai a ir vostede a denunciar, paréceme de verdade increíble, crin que hoxe faría como no último Pleno que vostede non falaría porque no último Pleno falábamos de vivendas de protección oficial e vostede tivo a prudencia de non falar, pero hoxe si fala vostede, e entón lle quero dicir todo iso que vostede di e moito máis, porque ademais faime moita graza cando di algunhas cousas de erro histórico e de que todo tiña que ser espazo público cando todos sabemos que a súa empresa participou na subhasta e non se quedou cos terreos porque resulta que non ofreceu bastantes cartos, entón é todo, de verdade lle pediría prudencia, nunca na vida acusarei a ningún mentres non haxa, como mínimo, unha denuncia formal por parte da fiscalía, polo tanto non o acuso a vostede de nada, simplemente digo que está baixo a sospeita vostede e a súa empresa, iso si é verdade e iso o pode dicir, iso que se di agora tanto, é vostede presunto, iso que se di que non é o xamón portugués, é outra cousa pero agora sae moito nos medios de

CONCELLO DE PONTEVEDRA

comunicación de que todo o mundo é presunto de algo, e entón que vostede se atreva cos seus antecedentes e coa súa historia a vir aquí a falar de legalidade ou ilegalidade sobre algo que non hai a máis mínima sospeita en ningún sitio, non hai ningunha denuncia, non hai nada sobre este procedemento, paréceme realmente o que dixen antes non sei se un atrevemento, unha desfachatez, ou en fin, tratar, non quero utilizar a palabra, de emporcallar un asunto que aquí o único que se está tratando é, en primeiro lugar, algo que xa se conseguiu que é recuperar esa zona estando fóra de aí a empresa Tafisa que contaminaba e todos o sabíamos, iso se conseguiu, en segundo lugar, dotar tamén á parte das vivendas libres que se van a facer, vivendas de protección oficial, o que xa lle dixen antes sobre a Universidade e o equipamento turístico, ademais estes días non había máis que escoitar nesta xuntanza tan importante que houbo en A Coruña sobre expertos en materia de congresos, eventos, etc., e que dicía que Pontevedra non podería nunca ser unha estrela nese campo mentres non tivera máis equipamento hoteleiro, polo tanto se o que se está tratando de facer aquí é beneficiar a Pontevedra; non meta o tema tamén de que si a zona marítimo-terrestre porque iso está segundo informe de Costas perfectamente delimitado, e por tanto aí non collemos nada que non se poda coller, e entón de verdade ciñámonos ao que falamos e quero dicirlle que nas actas da Comisión de Urbanismo, señor Argenti, efectivamente dixo que o motivo naquel momento de non aprobar o tema era que faltaba ese informe, non estou dicindo nada que non estea recollido en actas e sei que hai outros motivos porque xa a señora Pedrosa no mandato anterior o dixo, non?, pero naquel momento si se dixo así; polo tanto creo que o que vimos a aprobar hoxe aquí é simplemente o arranxo, por así dicilo se quere vostede, dos erros detectados ou das erratas detectadas na primeira documentación que se enviou á Xunta, se corríxe, se envía a documentación e espero, de verdade polo ben de todos os pontevedreses, que isto siga para adiante e que por fin poidamos contar con ese espazo público e privado."

De seguido, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, fai uso da palabra **don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, manifestando: "Dende logo teño falado xa neste Pleno tantas veces de este asunto que hoxe crin que podería obvia-lo, porque é un trámite menor dentro de toda a tramitación e que ía pasar como se di sen pena nin gloria, pero en fin parece que reabrimos unha serie de asuntos con respecto a isto que foi evolucionando pero que seguimos no mesmo, por parte do Partido Popular levamos xa máis de catro anos dicindo, despois de dicir que si curiosamente, o anterior portavoz no ano 2003, dicindo que non, pero non dicindo que non, senón habendo pegatinas polas rúas, pelotazo de Tafisa, ameazándonos cos xulgados tropecentas veces, aínda hoxe repiten a ameaza co xulgado, que ía haber unha auténtica sublevación veciñal que como se ve hai unha sublevación tremenda, que ían levantar to-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

da a cidadanía, á xente pódese enganar, pódese enganar a moitos unha vez pero non se poden enganar moitas veces e, evidentemente, os que están alí ao redor en canto viron que deixaba de funcionar Tafisa viron claramente que saían beneficiados, claramente beneficiados, polo tanto iso diluíuse absolutamente; é moi bonito coller e dicir que se podería facer todo verde e non sei que, pero os feitos son, lamento ter que repetilos, que había unhas licencias pedidas por Tafisa para seguir aí e polo tanto se fixo forzando á Administración ao máximo, un frenazo a esas licencias están aí no expediente para quen queira velas, para entrar en negociacións e afortunadamente pois Tafisa entrou en nas negociacións pero sobre esa base que o Concello tiña a fortaleza da Administración pero a debilidade de que non quería de que Tafisa seguira aí e tiña pedidas as licencias para seguir, entón ese foi o marco para a negociación, evidentemente se pode discutir o que se queira da ordenación e demais que todo o mundo quixo facer, se lle ofreceu ao Partido Popular que participara en canto ao destino e encanto ás necesidades e non só iso senón que o anterior portavoz, no mandato 1999-2003, pediu expresamente que fora un hotel aí, pediuno expresamente, o hotel vai hai naquel momento por insistencia dos tres portavoces, non dos tres non porque daquela estaba Roberto Taboada, pero na práctica está Teresa Casal, de Juan Luis Pedrosa, de Teresa Casal e do Alcalde Miguel Anxo Fernández Lores, petición expresa de que fora aí ese equipamento hoteleiro; despois todos empezan a inventar, a inventar e a inventar e resulta que nos veñen aquí hoxe cuns argumentos, señor Martín, que de verdade crin que tiña algunha máis talla política o digo sinceramente, é que o que non se pode é dicir un día unha cousa outro día outra ou incluso inventar, empeza polo final dos tres argumentos que vostede dixó, que si vai ao xulgado, entra na liña do seu partido ameazar con ir ao xulgado por isto, ameazou por vinte cousas distintas e agora ameaza con algo que resulta que en Pontevedra hai tres anos que non se fai, non se vende ningunha, e vostede debía sabelo como pola súa empresa que cando hai algún solar que queda para o Concello, queda para o Concello e non se fai ningún tipo de reasignación, pasoulle tanto á súa empresa como ás demais, a última que se fixo foi na unidade 39 porque era moi pequeno e non tiña outra funcionalidade e polo tanto se fixo, foi a última e de alí cando se decidiu hai moitos anos, cando se fixo efectivo hai menos pero decidiuse hai moitos anos, polo tanto non sei de onde pode sacar esa teoría porque sabe perfectamente que non vai a suceder; despois o da caseta, tal é o comportamento da empresa, efectivamente todos podemos discutir que si unha empresa antes de ter os trámites, ou ter a licenza, ou ter a modificación ou ter o que sexa pois se pode poñer a vender ou non, é un problema de consumo non é un problema da Administración municipal, pero caramba non se pode un poñer o traxe de promotor ás oito da mañá e o de político ás doce, e a súa empresa, como todas, poñen casetas de obra e venden de maneira ilegal como apuntaba a señora Pedrosa, por-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

que esas casetas non están reguladas en ningún lado, imos chamalle alegal porque ilegal é moi duro, de maneira alegal e despois vir a criticar que outra empresa o fai; por último, señor Martín, vostede sabe perfectamente que na primavera de 2003 cando vostedes estaban estudando, acababan de adquirir Campo Longo e estaban estudando isto, que éramos os dous á sazón Deputados provinciais, un día saíndo da Deputación cruzando cara á Alameda, cara ao Cafetín, vostede díxome textualmente e o teño gravado, o teño gravado na memoria, de que en Campo Longo fixéramos un gran convenio, en Tafisa aínda era bastante mellor, díxome se en Sanxenxo lograra un par de convenios así tiña arreglado o futuro de Sanxenxo, resulta que agora de repente pois ven aquí a dicir que o convenio, que si os euros, que si non sei que e que non sei canto, non se pode cambiar así de plantexamento e un día dicir unha cousa e outro día dicir outra, realmente creo que vostede pode facer o que queira pero sendo parte, digamos no sentido de que a súa empresa quixo comprar isto pois por prudencia debía estarse calado, ou sexa o que era fantástico agora resulta que como o leva un competidor, que non vou a falar de competidor, ademais evidentemente neste proceso se foron perdendo dos plantexamentos iniciais algunha cousas, moi pouquiñas afortunadamente, unha delas foi que Tafisa no seu libre albedrío comprometérase a facer todo o posible para que iso o levara unha empresa de Pontevedra, ao final non foi certo, foi unha das cousas nas que non cumpriu, practicamente a única, cumpriu en todo, se foi para a Reigosa, non só dou os postos de traballo que se prometeu senón que ten máis nestes momentos, non só ten alí a produción que se comprometeu no convenio senón que ten máis, que xa sabemos que un convenio cun concello pode cumprir ou non cumprir porque a unha empresa ninguén lle pode obrigar a manter a actividade, cumpriu practicamente en todo quitando iso que o xustifican dunha maneira de que tiñan mellor oferta ou non a tiñan iso non o sei, entón intentan embarullar agora con se hai unha caseta, aquí houbo un famoso debate como o do monoposte que xa forma parte da antoloxía do disparate, o problema de urbanismo en Pontevedra é que se puxo un monoposte ou non, agora ven a caseta se se pon a caseta ou non que é un problema en todo caso de disciplina urbanística ou un problema civil que pouco ten que ver co fondo da cuestión e o fondo da cuestión é evidente, Tafisa, que o señor Cobián, o señor Juan Luis Pedrosa e o señor Lores intentaron sacala de aí dunha maneira pouco traumática e afortunadamente ao final do 2002 pois logrouse, e o río ben que o notou e todo o vecindario ben que o notou no sentido de que mellorou moitísimo e moito máis se notara cando se derriben as naves que xa podía estar derribadas pero por puridade e demais non se permitiu, pero quedaría xa a zona moito máis bonita e demais; entón creo que os bandazos que deron vostedes o único é que cando un non ten argumentos entón empeza, repito, está aí de testigo, Juan Luis Pedrosa estaba totalmente de acordo, e logramos un convenio infinitamente mellor que a oferta, está no expediente, a

CONCELLO DE PONTEVEDRA

oferta de Cuiña e de Yuste era o dobre de edificabilidade da que se lle dá, está no expediente, léano, entonces resulta que con esas enganchan, debe ser polo período preelectoral, en que non, que non, que non, e entonces van inventando, non o levamos ao xulgado, pero por que non?, non porque é un pelotazo, despois xa se esqueceron, imos ao xulgado porque non sei que, despois ían ao xulgado porque non sei canto, agora chega o último coletazo e aínda manteñen os mesmos argumentos pero xa non saben por que, imos a ir ao xulgado se que no futuro farán o que vostedes nunca fixeron, pois vale, moi débil, moi débil a argumentación e de verdade que crin que por prudencia e demais este asunto ía pasar co que é, ou sexa unha corrección de erros que ven aquí formalmente porque a Dirección Xeral o impón, porque normalmente sería unha corrección de erros que non tería que pasar por ningún lado, corrixis os erros e levalo e punto, deixalo pasar porque xa está bastante debatido, como por cuestións de trámite hai que traelo pois se trae e enténdín que ía ser así pero parece ser que seguen erre que erre, cambiando de argumento simplemente pois intentando que o que foi un logro histórico para Pontevedra que Tafisa non estea contaminando aí e se poida recuperar e dedicar a outros usos eses terreos pois que non, que non como case todo o que supoña, e a liña que ten o Partido Popular hai tempo, avances ou progresos para Pontevedra, debe ser ese liderazgo que vostedes sempre falan de liderazgo e despois teremos ocasión de faltar en outros puntos tamén do mesmo asunto, debe ser que seguira aí Tafisa, ofrecerlle o dobre de edificabilidade como lle ofreceron Yuste e Cuiña, etc., iso debe ser o liderazgo, ou senón opoñerse, cando sae un bo acordo entonces opoñerse para que non se faga nada ou negociar con LAR, tamén podemos negociar coa súa empresa a unidade 18, negociámola e entonces xa está e xa damos máis edificabilidade noutro lado e demais, sabe que non ten absolutamente ningunha substancia o que está dicindo e foi moi desafortunado, non pensaba falar, señor Martín, pero o sinto e se seguimos penso falar máis."

Novamente intervén o **Sr. Martín González**, dicindo: "Señora Casal, o primeiro que lle quero dicir e que respecto o que se di aquí neste Pleno e desde logo nunca farei nin con vostede nin con ninguén nun Pleno da Corporación un tema como o que vostede acaba de sacar, non lle vou entrar no xogo, polo tanto moitas grazas polo que fixo pero non vou falar con vostedes nada máis sobre este asunto; mire señor Mosquera para continuar este debate, que é vostede quen quere sacar o debate, quero dicirlle antes de nada facerlle unha pregunta se me pode contestar, soamente que xa que tan ben enterado está para continuar o debate que me interesa moitísimo, por canto comprou a promotora dueña dos terreos de Tafisa?, dígame iso nada máis a cantidade, por canto, canto por favor, dígame a cantidade exactamente, imos a falar aquí en serio para ver quen sabe máis, por canto comprou a promotora dueña dos terreos Tafisa?, contésteme non me saía por bulerías, lle pido que me diga o

CONCELLO DE PONTEVEDRA

prezo polo que comprou a promotora que o ten ese terreo de Tafisa?.

Contesta o **Sr. Mosquera Lorenzo**, o seguinte: "Que eu saiba pola información que teño, indirecta, non sei se vinte e cinco e medio ou unha cousa así."

Continua no uso da palabra o **Sr. Martín González**, manifestando: "25,5 millóns e medio de euros, de acordo, imos a partir de esa base, mire vostede, señor Mosquera, fixo alusións en varios momentos da súa intervención á empresa onde eu teño unha participación, estivo aquí sacando uns temas, parece ser que é o único argumento que teñen vostedes para defenderse de un asunto tan difícil para todos os pontevedreses como o tema Tafisa, imos a ver a empresa á que vostede se refire e que pertenzo unha parte desa empresa di que quixo comprar e que non puido, mire vostede a empresa que teño, igual que outras de Pontevedra, chamáronnos como pardillos para que lle déramos unha oferta por escrito aos señores de Tafisa para defender o tema do LAR e vostede está bastante ben enterado, iso estaba todo feito en Madrid co señor portugués, non recordo o nome agora, de Tafisa, todo feito e todo solucionado pero necesitaban cinco ofertas e se nos pediu a tres promotoras de Pontevedra que lle déramos un prezo por escrito para poder defender a oferta do señores que teñen hoxe Tafisa, e démola todos por debaixo dese prezo, saben vostedes canto custa hoxe Tafisa?, saben canto custa?, 120 millóns de euros, fíxense se hai pelotazo ou non hai pelotazo, de onde saen os 120 millóns de euros, dos 100 mil metros cadrados que se van a edificar aí para vivenda pública, que multiplicados por 1.200 euros, que son 200.000 das antigas pesetas, significan 120 millóns de euros, 20.000 millóns das antigas pesetas, entón empece a falar, iso é o que pasou e o dixi vostede varias veces na campaña electoral e a min non me gusta utilizalo pero xa está ben de andar enganando e mentindo á xente, iso é o que pasou co tema de Tafisa, a artimaña que se fixo entre o Concello de Pontevedra, mellor dito entre os gobernantes do Concello de Pontevedra, os anteriores donos de Tafisa e os donos que teñen agora o terreo, e Tafisa tivo enriba da mesa seis ofertas, unha, os donos, e cinco máis de outros promotores de Pontevedra pero sempre por debaixo dos 25,5 millóns de euros que vostede di, punto número un, non mezcle vostede a subhasta de Campo Longo, que foi unha subhasta que fixo o Estado a través do Ministerio de Hacienda en Madrid e á que foron moitos promotores de España e a comprou a empresa á que vostede se quere referir, legalmente comprada nunha subhasta pública do Estado en Madrid, non intente vostede desviar a atención para outro lado, e se lle dixen algo lle recordo que empece vostede a gravar as conversacións porque me parece que lle empeza a fallar a memoria, e non imos a meternos que creo que non me pertence agora a min poñerme a falar de Sanxenxo no Pleno de Pontevedra, a min gústame falar de Pontevedra, polo tanto o que

CONCELLO DE PONTEVEDRA

lle quero recordar a vostedes que van presumindo de esquerdas, señores do Bloque, que van dicindo que van recuperar as orillas do Lérez, que vaian a edificar na zona de Tafisa, estou de acordo en que se hai uns señores que compraron aí uns terreos haberá que darlle outra opción e nós dicimos cal é a proposta nosa, e a proposta nosa é que no Plan Xeral, no avance, no plan agora que esas 1.000 vivendas que se van facer aí ao pé do río que non se fagan aí, que se fagan noutras zonas, e seguramente se chegue a un acordo e ao mellor non lle hai que dar 1.000 ao mellor hai que dar 1.100 ou 1.200 pero noutras zonas e repartidas e seguro que se chegaría a acordo pero para iso hai que xestionar e hai que saber, cosa que vostede non soubo facer nos últimos oito anos señor Mosquera, e vostede ademais non empece a dicir que os demais mentimos e vostede minte e queda aí para que o recollan os medios mañá, mentir minte vostede porque se vostede non quere vender os terreos de Tafisa como é que leva no presuposto do ano 2006, 4,5 millóns de euros para a venda dos terreos de Tafisa, explíqueme entón que iso está nos presupostos xerais do Concello de Pontevedra, vostedes levan 17 millóns de euros para vender patrimonio municipal dos cales 4,5 son do aproveitamento urbanístico de Tafisa, en que quedamos, minte vostede ou minto eu, llo digo cos datos, busque vostede o presuposto pregúntelle ao compañeiro que ten detrás de vostede a ver porque puxo no presuposto do ano 2006 4,5 millóns de euros para a venda do aproveitamento urbanístico de Tafisa, empecemos a falar en serio, e nós o que dicimos e o dixen antes, vostedes o queren levar para adiante é o que queren, como portavoz do grupo municipal na oposición neste momento aínda que temos 12 concelleiros, quérolle recordar que temos cinco concelleiros máis que vostedes, quero recordarlle que nós estamos en contra de que se edifique en Tafisa e parécenos ben que se mire o tema da universidade pero que sexa todo público, que se fagan equipamentos ou o que sexa necesario para o desenvolvemento de Pontevedra pero non vivendas, vale, estamos de acordo en que se lle dea unha solución á promotora dos terreos, e dicimos iso aquí e creo que é sitio onde hai que dicilo e cada vez que veña co tema de Tafisa diremos iso, e nós non imos ir ao Xulgado señor Mosquera, nós dicimos que se se lles ocorre, por que teñen vostedes un informe dentro do expediente para vender o aproveitamento urbanístico do Concello a 300 euros porque o teñen, cando vale catro veces máis, verá vostede como se o sacan a subhasta van a recuperar por iso, como mínimo, os 1200 euros por metro cadrado, que significan aproximadamente son 4,5 por 4, pois 18 ou 20 millóns de euros, dicimos que senón fan iso imos aos Tribunais e o dicimos aquí e se o fan non pasa nada, quere dicirse que se agora aproban isto, ven da Xunta favorable, e queda aprobado definitivamente o tema de Tafisa, cando sexa o proxecto de compensación que canda o vaia a ter o Concello no Rexistro, no Notario, facer as escrituras conforme o dono dun solar é aí o Concello, senón os venden e o sacan a subhasta pública vostedes están gobernando e fagan o que quei-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ran, nós estamos en contra pero poden ceder o que queiran, para vivenda pública e o que queiran, pero se se lles ocorre venderllo directamente á promotora que teñen polo prezo que teñen posto aí, iremos aos tribunais e creo que estou dicindo aquí o que se cree vostede que pola condición que teño parece que lles dá envidia, vostedes non son empresarios que son funcionarios, pero é unha actividade lexítima como outra calquera, a ver se segundo a Constitución uno no pode ser na vida o que queira legalmente, xa está ben, o que pasa é que vostedes, como resulta que levan un rapapolvo nas votacións porque perderon totalmente as eleccións perdendo un tercio do seu electorado, veñen aquí como se toda Pontevedra estivera de acordo con vostedes, vostedes están gobernando porque les apoia o PSOE senón vostedes estaban na oposición agora mesmo."

Novamente intervén a **Sra. Casal García**, dicindo: "Moi brevemente señor Martín porque dende logo o que non vou facer son eses exercicios matemáticos que, dende logo, me parece moi ben que vostede o faga (se escoita falar a micro pechado ao señor Martín).

Fai uso da palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, sinalando: "Señor Martín escoitamos con paciencia a súa vehemencia e entón creo que o mínimo é ter un mínimo de respecto, se admite unha sonrisa pero ningún tipo de intervención."

Continua a **Sra. Casal**: "Estaba dicindo que non vou facer ningún exercicio de matemáticas porque creo que non é a miña obrigação nin teño porque facelo, aí se lle nota que aqueles traxes dos que falaba antes o señor Mosquera os ten mesturados, non é que nun momento poña o de empresario e que noutro momento poña o de político é que os ten os dous mesturados e así arma o lío que se arma; o único que sei con respecto á venda deses terreos é que foi unha subhasta que se fixo en Madrid á que acudiron unha serie de empresas e promotores a comprar, se agora vostede me conta historias, para min vostede non ten credibilidade ningunha porque xa mo demostrou coas súas palabras e os seus actos, polo tanto dáme igual o que conte aínda que fora certo o que di, non o creo pero me dá igual, o único que quero dicir é que chámame a atención que agora diga iso de que se hai catro millóns para vendas e tal e cal, está no expediente e vostedes que estudan tanto o expediente o saben de sobra que hai un aproveitamento urbanístico co que se queda o Concello que é o equipamento hoteleiro e é unha parte da vivenda de promoción pública, loxicamente o Concello non se vai converter nin en promotor hoteleiro nin se vai a converter en promotor inmobiliario, polo tanto esas parcelas haberá que subhastalas con todas as regras da lei e con todas as normas xurídicas que haxa que facer, non volte porque de verdade que lle encanta, deixa caer o primeiro día que nos leva ao Xulgado, logo di non dixen iso, primeiro di unha cousa e logo di outra, non mesture todo, de verdade segue insistindo e aquí

CONCELLO DE PONTEVEDRA

estamos todos para aprobar unha cousa moi concreta e determinada e iso é do que se trata aquí señor Martín, se ten mala conciencia por algunha cousa pois é o seu problema pero non nos faga partícipes aos demais que estamos moi tranquilos e moi contentos de estar celebrando un pleno municipal."

A continuación fai uso da palabra o **Sr. Mosquera Lorenzo**, manifestando: "Grazas señor Alcalde pola deferencia porque realmente acabara pero se imos ter outro pois llo agradezo, soltar para adiante sen coñecer, terxiversar absolutamente a realidade pois ten os seus problemas, señor Martín, a min me resultaría nestes momentos moi fácil, tremendamente fácil, dicirlle algo pois non moi agradable entón vou dicirllo de maneira moi elíptica, agardo, que vostede entenda e nos entendan o resto, sabe vostede que o que ten o Concello de vivenda aí é de protección?, e pretende que o vendamos a 1200 euros de repercusión cando hai un valor fixado oficialmente, pretende que o vendamos a iso?, se temos unha vivenda de protección, catalogada como de protección que por outro lado, senón lle consta, saberá que está nun borrador incluso nun protocolo creo que asinado coa Consellería de Vivenda de que se vai a transferir gratuitamente, polo tanto non vai a haber eses ingresos, á Consellería de Vivenda e Solo para que constrúa vivenda de protección en substitución da que se elimina en Monte Porreiro, sacar que a vivenda de protección se pode vender o solar a 1200 euros de repercusión e polo tanto o Concello pode ingresar cando xa está catalogada, vostede me entende perfectamente, non teño máis que dicir con respecto a iso e polo tanto preferiría non entrar nas contas, porque está dando por suposto que os 105 mil metros son de vivenda libre, falso, vivenda libre son 79 mil, e debería sabelo, está dando por suposto que houbo unha revalorización, como calquera que compra pode topar un ciclo alcista como pasou neste caso e ter revalorización ou non tela, pero claro non mete os custos de urbanización nin mete o que ten que ceder ao Concello nin as cargas, etc., ou sexa que non se mete nada e son unhas contas do Gran Capitan, intentando así dicir a 1200 euros dá tropecientos millóns e non sei canto, claro mete a de protección; mire vostedes colleron isto atravesado en falso, porque un pode coller un asunto e dicir teño unha postura clara dende o principio e vou para acá, pero o colleron atravesado en falso, repítolle que hai ofertas por escrito firmadas que están no expediente de Cuiña e Yuste de Cobián, no que ofrecen o dobre e incluso máis do dobre de edificabilidade á promotora, á promotora non á empresa Tafisa, e non saíu e no momento en que sae pois deciden que non, o de Cuiña e Yuste é no 2002 que non é do ano 92, entón o collen atravesado é dicir non nos opoñemos porque ten que quedar libre porque non sei que, a ver a Xunta súa lle ofrece o dobre para construír aí e agora de repente ten que quedar libre non sei canto, engancharon por algún lado porque o tiñan que enganchar e agora están no aire facendo unha argumentación, inventando, primeiro sacan o monoposte e a caseta e

CONCELLO DE PONTEVEDRA

agora sacan que o Concello pois vai a tal, repítolle o Concello non vendeu ningún directamente ao promotor, non lle asinou no proxecto de compensación como fan outros concellos, este Concello non o fai, segundo é vivenda de protección, polo tanto ten un prezo taxado e o Concello non pode vender nin máis nin menos e o resto é do hotel que veremos o que sae, entón realmente creo que é un diálogo de xordos, é sacar unha conta fora de contexto dicir non sei canto, comprendo que substitúa a vehemencia por argumentación, evidentemente vostede ten un marrón encima, é máis estou convencido señor Martín de que se estivera vostede no ano 2003 o PP tería votado a favor en todo o proceso, seguramente estou convencido, absolutamente convencido, absolutamente, porque isto de votar en contra decidiuse por persoas que non teñen experiencia do que é sacar adiante un asunto e as dificultades que pode ter xestionar con Tafisa, que non sabía que Tafisa se ía quedar aí, etc., se toma unha postura e vostede agora pois saca da chistera así unhas cousas para argumentar e dicir, non, estou en contra e á parte por riba teño argumento, pero claro caese polo seu pé, comprendo que ten un papel difícil e entón nos solta unhas peroratas como si estivera nunha arenga e non sei canto pero absolutamente fóra de lugar, non quero dar máis datos que creo que xa está discutido ata a saciedade."

Volve a intervir o **Sr. Martín González**, dicindo: "Moi brevemente, dúas cousas nada máis, que vostedes por un lado votaron no ano 90 en contra de que se construíran na Avenida do Uruguai 6 alturas, o Bloque, vale, en contra de iso, estaban na oposición e votaron en contra e agora aí constrúen as alturas en Tafisa, punto número un; segundo punto, mire voulo facer máis fácil porque quero que me entendan todas as persoas que nos están vendo e tamén os medios de comunicación, imos a partir de que hai 100 mil metros, non xa 105 regálelle 5 mil metros, 100 mil metros cadrados se modifican e se recualifican os terreos de Tafisa, 100 mil metros, a lei obriga a que o 20% dos 100 mil metros sexa vivenda pública de protección oficial, estamos de acordo, verdade, polo tanto serían de 100 mil metros o promotor tenlle que ceder o 10% ao Concello, quedaríanlle 90 mil metros para a promotora, vale, dos 90 mil metros ten que ceder o 20% obrigatoriamente e por lei de vivenda pública que son 180 vivendas, ao Concello pertécelle o 10% dos 100 mil que son 10 mil metros cadrados e o Concello ten a obrigaçión de facer tamén o 20% de vivenda pública, polo tanto 10.000 metros polo 20% son 2.000 metros, polo tanto son 200 vivendas aproximadamente, máis ou menos de 100 metros en números redondos, polo tanto en Tafisa a Lei obrígache a facer 200 vivendas de vivenda pública pero o Concello claro que non ten que facerse promotor normal como un promotor inmobiliario pero o que non pode é perder o seu patrimonio e a miña pregunta é, señor Mosquera, cos 9.000 metros que quedan de vivenda libre non de protección non nos engane, para o Concello, cantas vivendas públicas podemos facer?, a 1.200 euros son 18 millóns

CONCELLO DE PONTEVEDRA

de euros aproximadamente, canta vivenda pública podería vostede facer en Pontevedra con cartos municipais, en vivenda pública, con eses 9.000 metros cadrados convertendoos en cartos e facendo vivendas, explíquemo, repartidas por diversas zonas da cidade, cantas podería facer con 18 millóns de euros?, entón lle pido a vostede que non engane a nadie e vámolos ter que dicir máis contundentemente doutra maneira me parece a min, vale, e nós dicimos que fai falta vivenda pública en Pontevedra pero que se intentan vender isto efectivamente vamos aos tribunais, da maneira que vostede está explicando."

De seguido fai uso da palabra a **Sra. Casal García**, para cidir: "Creo que o tema está suficientemente debatido, non vou a insistir en que o que se trata aquí é outra cousa e simplemente aconsello, de verdade, repetidamente ao señor Martín que se dedique a aquilo que sabe que é facer números e falar de cartos, aquí estamos para falar de outras cousas."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 do grupo político municipal do Partido Popular), que representan á maioría absoluta do número legal dos seus membros, e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, acorda, á vista da documentación obrante no expediente:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao texto refundido do proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Pontevedra no ámbito dos terreos da antiga fábrica de TAFISA incluídos no eido da unidade de actuación nº 7 e a súa zona de influencia para a recualificación do solo industrial en residencial e dotacional, abrangidos entre a Avda. de Buenos Aires, José Malvar, vía férrea Redondela-A Coruña e Camiño Vello de Castela, sendo o documento de ordenación de modificación do PXOU, redactado polo arquitecto municipal xefe da Oficina de Planeamento e Xestión Urbanística datado en setembro do 2007 que introduce as modificacións subsecuentes ás observacións efectuadas no informe da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes de 7/09/07.

SEGUNDO.- Someter novamente o procedemento á aprobación definitiva da Sra. Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ao abeiro do disposto no art. 85.5 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2002, remitindo a tales efectos tres exemplares do proxecto corrixido, debidamente dilixenciados, á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, que xa dispón de copia autenticada do expediente, interesando expresamente da devandita Consellería que xuntamente co acto da aprobación definitiva notifique res-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

posta razoada ás persoas que formularon alegacións, consonte ó determinado polo art. 86.3 da Lei 30/92.

Advírtese á Dirección Xeral de Urbanismo de que neste momento se ten solicitado o informe esixido pola lexislación en materia de Costas, sen que se teña recibido.

3.- URBANISMO. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI DA UA N° 5 DO PXOU/AVDA DO URUGUAY E RÚAS DA GALERA, ARCEBISPO MALVAR E FONTE DA MOUREIRA, FORMULADO POLA ENTIDADE MERCANTIL "INMOBILIARIA MASAR, S.L."

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente sobre a aprobación definitiva do PERI da Unidade de Actuación n° 5 do PXOU/Avda do Uruguay e rúas da Galera, Arcebispo Malvar e Fonte da Moureira, formulado por la Entidade Mercantil "Inmobiliaria Masar, S.L.", aprobado como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 11 de outubro de 2007.

Aberto o debate fai uso da palabra **dona María Teresa Casal García**, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifestando: "Simplemente para agradecer o voto favorable dos dous grupos, espero que non haxa cambios, creo que é moi importante esta aprobación definitiva que hoxe acometemos porque era unha parte da cidade que nalgún sitio estaba sen rematar e con este PERI, este plan de reforma interior, conseguimos que esa zona de Pontevedra, moi emblemática por outra parte para moitos pontevedreses porque alí era onde xogaba o equipo de balonmán o Teucro hai moitos anos e precisamente por iso se vemos no expediente como está plantexada a praza pública plantexase tamén con usos deportivos un pouco digamos por esa nostalxia do que algún día foi, creo que é moi importante para Pontevedra aprobar isto e sobre todo quería destacar o feito de que xa queda previsto no PERI, para que non haxa problemas, a posibilidade de construír un aparcamento público soterrado co cal sigo pensando que seguimos necesitando aparcamentos e polo tanto espero que proximamente se empecen tamén os trámites para poder levar ao mesmo tempo o aparcamento e a urbanización desta praza, aí Pontevedra e a cidadanía conseguen metros importantes de praza pública, quedan tamén uns solares para o Concello como é lóxico para o aproveitamento e xa falaremos no seu día, señor Martín, da utilidade deses solares; definitivamente agradecer o voto favorable e crer que este é un día importante para Pontevedra no tema urbanístico."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular, intervén **don Telmo Martín González**, dicindo: "Brevemente señor Presidente, nada máis que unha cousa, non lle quepa a vostede señora Casal a menor dúbida de que o grupo

CONCELLO DE PONTEVEDRA

municipal do Partido Popular vai cambiar o voto as veces que faga falta sempre en beneficio da cidadanía, ou sexa agora imos votar a favor porque estamos de acordo no que se está facendo, pero si tiveramos que votar en contra non dubide nin un segundo que votaríamos en contra sempre pensando no interese xeral que non lle caiba a menor dúbida.".

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por unanimidade, de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, acorda, á vista da documentación obrante no expediente:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva ao Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación nº 5 do PXOU rúas da Galera, Arcebispo Malvar e Fonte da Moureira, prevista no proxecto do Plan Especial de Reforma Interior, formulado por "INMOBILIARIA MASAR, S.L.", texto refundido redactado polo arquitecto Jose M. Fernández Barreira, con data de visado colexial de 3/10/07.

SEGUNDO.- Notificar este acto administrativo aos titulares e entidades propietarias afectadas polo ámbito do PERI e demais entidades e organismos interesados co ofrecemento do réxime procedente de recursos, con comunicación á Unidade de Pontevedra da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes nos termos do artigo 92 LOUGA, dándoselle traslado a esta última dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o plan sobre os que recaese o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Concello, facendo constala dita circunstancia.

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación de anuncio do acordo de aprobación definitiva no "Diario Oficial" de Galicia facendo constar a remisión da documentación á Consellería, e a publicación do documento que conteña a normativa e as ordenanzas no "Boletín Oficial" da Provincia para lograr a súa eficacia e executividade, de acordo co establecido na lexislación de réxime local, concretamente artigos 70.2 e 65 LRBRL.

CUARTO.- Facer constar consonte co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 20 de agosto do 2007, e no proxecto aprobado que a materialización das edificacións que se sitúan na liña máis próxima ao centro Histórico, na rúa Arcebispo Malvar e Galera, debera contar con autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a efectos da composición, no senso de evitar a posible aparición de traseiras a patios interiores que provoquen un negativo impacto visual nas perspectivas dende o Campillo.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

4.- ECONOMÍA E FACENDA. APROBACIÓN PROVISIONAL DE ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE DIVERSAS TAXAS, QUE MODIFICAN AS ANTERIORMENTE VIXENTES PARA INCREMENTAR A SÚA CONTÍA SEGUNDO O IPC (ORDENANZAS FISCAIS Nº 1/2008 ATA A 15/2008, AMBAS INCLUÍDAS, E AS Nº 18/2008 E 19/2008).

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda sobre a aprobación provisional das ordenanzas fiscais reguladoras de diversas taxas, que modifican as anteriormente vixentes para incrementar a súa contía segundo o IPC (ordenanzas fiscais números 1/2008 ata a 15/2008, ambas incluídas, e as números 18/2008 e 19/2008), aprobadas como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 11 de outubro de 2007.

Aberto o debate fai uso da palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, **dona María Guadalupe Muriello Solís**, manifestando: "Sr. Alcalde yo quería preguntarle, es que no se si estamos actuando jurídicamente correctamente, las tasas son actos administrativos, hay reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo que dice que al ser actos administrativos separados con distinto objeto y causa deberíamos discutirlos, debatirlos y votarlos como puntos separados y no como punto único en el orden del día, entiendo yo, lo dejo encima de la mesa.".

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**, o seguinte: "Xusto o contrario todos xuntos, logo se votarían por separado, tratar todo conxuntamente no debate.".

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular, intervén **don Telmo Martín González**, dicindo: "O debate non é o importante o importante é o seguinte: imos ver, se se toma un acordo que ao final hai un punto e unha soa votación, entendo eu, a nós non nos parece correcto traer un tema tan importante como son as taxas e os impostos que son o punto seguinte todo xunto, hai que facer as cousas ao revés, hai que poñer os puntos todos na orde do día e despois se se queren unir para votar conxuntamente se votan porque corremos un risco que é que se algún cidadán ou algún grupo político polo que sexa, recorre ante os tribunais unha taxa das que están aquí por non estar de acordo pode ser que se anulen todas as demais se vai así e o quero dicir aquí para que quede constancia e o mesmo pasa co seguinte punto.".

Continua o **Sr. Alcalde-Presidente**: "Señor Secretario pode intervenir para informar desta cuestión, para aclarar."

Informa o **Sr. Secretario Xeral do Pleno** o seguinte: "Unha cuestión distinta é que cada un deles teña a súa proposta de acordo diferenciada, ten o seu expediente, e outra ben distin-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ta e que se o Pleno así o estima, ao tratarse de asunto substancialmente idénticos, para evitar reiteracións innecesarias, poda votar todos eles nun conxunto incluído, debatelos e votalos, é máis, aquí se acumulou en tres asuntos fundamentais que eran as taxas que se incrementaban para adaptarse ao IPC, os impostos e por outra banda dúas taxas novas que non aparecían recollidas con anterioridade, son disposicións de carácter xeral, cada un ten o seu acordo pero non existe inconveniente en que se traten desta maneira."

O **Sr. Alcalde-Presidente** sinala: "Se votan conxuntamente as taxas nas que sube o IPC pero se está votando individualmente se entende que se vota individualmente cada taxa que ten o seu expediente."

Continua o **Secretario Xeral do Pleno** informando: "Sen prexuízo de que despois calquera grupo, se quere facer algún tipo de matización con respecto a algunha das taxas, o pode facer, por suposto. Non ten porque adherirse no seu conxunto a todas ou rexeitar todas, entón neste caso se poden facer votacións separadas."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, fai uso da palabra **don Raimundo González Carballo**, manifestando: "O que vou facer, con independencia das votacións o de que se queira separar calquera unha delas para a súa votación individualizada, a intervención que vou a facer é xenérica ao respecto dos catros asuntos da orde do día, é dicir das vinte e catro taxas e impostos, a intervención, outra cousa e que despois se se quere enfocar o debate en cada un dos puntos tampouco teño ningún problema, como queira a leal oposición; en primeiro lugar quería dicir que, en xeral, á parte da actualización tamén hai algunha adaptación á legalidade pois porque ao mellor xa cambiou algunha lei como pode ser a lei de dependencia polo tanto hai cuestións que xa a lei que regula ten digamos diferente ano de aprobación ou diferente denominación, entón hai unha serie de modificacións puntuais máis ben adaptacións ou cuestións de redacción que fai o propio servizo porque considera que está mellor distribuído ou incluso a veces pois onde era ao mellor contribuínte o suxeito pasivo pois resulta que fan o cambio de articulado e adiantan un ou atrasan outro, quero dicir que é por unha mellora puntual da redacción e para digamos que teñan coherencia na súa integridade; con respecto dos asuntos dicir que as taxas en xeral teñen unha suba media do 2%, suba inferior ao IPC actual que é do 2,7% se tamén é certo que o período que se utiliza de computo é de agosto de 2006 a xullo de 2007, pero que se poderían subir perfectamente o 2,7% na medida en que o IPC existente e así se está utilizando noutras Administracións e noutras institucións esta suba do 2,7% e digo que o que estamos propoñendo, en xeral, se adapta a ese 2% aínda que hai algunha como pode ser a de apertura de estable-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

cementos ou ocupación de vía pública por ambulantes ou, en gran parte, a de licencias urbanísticas que non se altera en absoluto e, ao mesmo tempo, se trae unha delas que había moitos anos, debe ser dende o ano 97 que non se actualizaba que evidentemente ten unha suba superior ao 2% que en concreto é a de auto taxis e que se propón unha bonificación para os que sexan destinados a minusválidos e que tamén se somete a aprobación con independencia dos informes; por outro lado, en canto ao seguinte asunto que ven na orde do día, tema impostos, o ICIO sube un 0,2% é dicir pasa do 3 ao 3,2 o tipo impositivo, o IBI do 0,60 ao 0,62, vehículos se incrementan as tarifas nun 2% igual que as taxas, plusvalía sube un punto o tipo impositivo e en actividades económicas afecta só a aquelas empresas que facturen máis de un millón de euros e que o que se fai é diferenciar máis por ubicación ou por categoría da rúa na que se ubica e como novidades nestes asuntos de taxas e impostos, asuntos tributarios, está a creación de unha ordenanza nova e reguladora da taxa por servizos especiais ou por transporte que era algo que estaba demandado pola Policía Local e incluso polas propias empresas transportistas e é sobre todo de grúas e que a efectos económicos supón moi pouca contía porque debe de haber segundo fontes da Policía Local entre 70 e 75 transportes anuais normalmente de duración unha hora pois estamos falando como moito, incluído persoal, de unha previsión de ingresos de 4.000 euros ao ano ou unha cousa así; en todo caso é máis salientable a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, que se implanta por dúas cuestións, unha é a intención deste grupo de goberno de equiparar as empresas de telefonía móbil a outras empresas concesionarias de determinados servizos como pode ser o gas ou a telefonía fixa ou as eléctricas que ingresan ou aportan ao Concello 1,5% da súa facturación bruta o cal é a pretensión desta ordenanza, ordenanza que teñen, aínda que en Galicia sexamos case pioneiros e non hai nas cidades aínda, pero que teñen dende o Concello de Alcañiz ou de Granada ata o de Avilés ou Murcia así como a gran maioría dos concellos cataláns e que incluso xa hai algunha sentenza en concreto do Tribunal Superior e Xustiza de Barcelona en concreto referida á ordenanza fiscal de Badalona na que lle da a razón ao Concello, evidentemente non crea xurisprudencia porque non foi aínda ao Tribunal Supremo pero polo menos hai unha primeira sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, isto, ao mesmo tempo, supón aceptar a recomendación da FEMP, da Federación Española de Municipios e Provincias, que na súa comisión executiva de 19-12-06 recomenda aos concellos a fixación desta taxa por utilización do dominio público local; evidentemente o incremento das taxas ao ser inferior ao IPC pode ser considerado cativo, é dicir pode ser considerado escaso, e a cuestión e que ten toda unha serie de explicacións, é dicir hai un incremento dos padróns, así están subindo os padróns de todos os impostos ao mesmo tempo incre-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

menta a actividade económica, incrementa a inspección municipal e polo tanto Fai que pese a que incrementen os servizos que se financian mediante taxa, como pode ser por exemplo a concesionaria da auga que sube un 4% aproximadamente, ten que subir un 4% a revisión do contrato porque se aplica unha fórmula paramétrica ou polinómica, pois resulta que pese a iso os cidadáns só teríamos que subirlle o 2% e non o 4% como lle hai que subir á empresa; ao mesmo tempo dicir, é algo que veño reiterando neste pleno todos os anos, que a presión fiscal do Concello de Pontevedra se collemos os datos, xa saíron os publicados para o ano 2007, do ranking tributario que publica o concello de Madrid, Pontevedra ocupa no ano 2007 o posto 44 en IBI das 52 capitais de provincia, o posto 39 en IAE, o posto 44 en ICIO, o 46 en vehículos e o 46 en plus valía, e que todas as cidades de inferior poboación nos superan, as que practicamente nunca nos superan son Ceuta e Melilla pero porque hai unha serie de bonificacións fiscais, á parte son territorios de ultramar; en concreto facendo unha comparativa por exemplo co concello de Lugo, que ten unha poboación superior á de Pontevedra, sempre ocupa unha posición inferior o concello de Pontevedra ao concello de Lugo, entonces podería parecer aparentemente que isto esta en función da poboación, pero se nós collemos os datos por exemplo do concello de Ferrol, que ata hai pouco tiña outro color político o seu goberno, temos que o IBI en Ferrol, que ten 4.000 habitantes menos que Pontevedra, o IBI é o 0,7 e en Pontevedra é o 0,6, o IAE é o 3 e en Pontevedra o coeficiente máximo e 1,95, en vehículos de 8 cabalos en Pontevedra é 51 euros e en Ferrol 56,77, e se collemos o ICIO en Ferrol é o 3,8 aquí e o 3, ou se collemos a plus valía aquí é o 19 e en Ferrol é o 26, quero dicir que é a cidade de Galicia con menor presión fiscal segundo datos constatados e, en todo caso, quixera que coñeceran un dato que me parece increíble, de todos os concellos de España Pontevedra ocupa o posto 78 en canto a poboación e estamos dentro da lei de grandes cidades, pero segundo a Dirección Xeral de Facendas Territoriais, organismo oficial, resulta que Pontevedra ocupa, de todos los concellos de España, en IAE o posto 619, en ICIO o 957, en vehículos o 929, en plus valía o 2.428, en IBI o 2.509, é dicir moitos concellos incluso de poboacións de 2.000 habitantes teñen taxas impositivas ou tipos impositivos moito maiores que o de Pontevedra e por tanto quere dicir que Pontevedra é unha cidade dinámica, que ten moito crecemento económico e que ademais se está facendo unha boa xestión nesta materia e que se poden digamos sacar conclusión que para si quixeran a maioría das capitais de provincia e a maioría dos concellos, de momento só isto e en todo caso despois se a discusión vai por cada taxa en particular ou por cada un dos asuntos da orde do día ou todo en global pois así faremos a discusión."

A continuación intervén **dona Margarita Castejón García**, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, manifes-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

tando: "Después de la pormenorizada exposición que nos acaba de hacer el concelleiro encargado de Facenda creo que no es necesario añadir muchas cosas más, anunciar nuestro voto a favor con esta baja presión fiscal en la que además tenemos en cuenta algunas bonificaciones necesarias para facilitar determinados servicios a los ciudadanos y me da satisfacción el que ya tengamos incorporada la de la licencia de auto taxis para traslado de personas con especiales dificultades de movilidad que, unida a la subvención que nos fue concedida, permitirá mejorar el servicio a los ciudadanos."

De seguido fai uso da palabra a **Sra. Murillo Solís**, diciendo: "Es complicado porque es denso, señor González, voy a empezar por las últimas, por las tasas de nueva creación, vamos a votar a favor en el caso de las dos nuevas tasas porque en el tema de la imposición del aprovechamiento especial de dominio público por empresas de telefonía móvil, entendemos que está utilizándose suelo de esta ciudad y por ello no nos parece descabellado que paguen efectivamente por utilizar nuestro espacio; en el caso de la tasa especial que le pone a los transportes de servicios especiales que cruzan la ciudad también vamos a votar a favor porque tienen unos servicios especiales de policía y demás y deberían pagarlos, por ello anunciamos nuestro voto favorable a las dos tasas nuevas que se van a establecer; en relación a las tasas del punto 4, o sea a las 17 tasas que presentan un incremento votaríamos a favor porque esto efectivamente no es una subida de impuesto sino que es una actualización del coste del servicio con lo cual tiene su razonamiento, su razón de ser, sin embargo no podríamos hacerlo salvo que ustedes retiren de este conjunto de tasas que llevan aquí todas juntas, las 17, la número 2, que es la de tasas que se cargan a los taxistas, el incremento a los taxistas nos parece abusivo del 41% diciendo que es una regularización, porque deciden actualizarse desde el año 96 pero debo decir que no es de recibo, que teniendo en cuenta el problema mayor que tenemos en esta ciudad que es el del tráfico, que son unas personas que sufren día tras día todas las aglomeraciones, atascos, no hay transporte público, tenemos cerrado el centro de la ciudad, no entiendo cómo se puede proceder a esta subida de un 41%, así como el resto de las tasas es un 2% y tiene un coste efectivo, para ellos supone un 41%, debo decir que en ciudades como Lugo y Ourense que podemos compararlas con Pontevedra y sin el problema de tráfico tan caótico que tenemos nosotros, en la ciudad de Ourense no hay tasas por expedición de licencias ni por la transmisión, gobernaba el Partido Popular, y en la ciudad de Lugo que gobierna el PSOE está en este momento en 1.885 euros, nuestra actualización pasa a 2.118,57, me parece excesiva, puede suponerse que podemos actualizar pero en la medida que tenemos un problema gordo con el tráfico en esta ciudad y no hay transporte público paralelo, deberíamos tener en cuenta que podría ser un poco más moderada esa subida, entonces si las separamos vota-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

mos a favor de todas las demás tasas y sin embargo en el tema de los taxistas nos oponemos; con relación al punto 5, de impuestos, vamos a hacer también un desglose como en el pleno anterior dije que con tanto dinero como tenían no nos subieran más los impuestos a los ciudadanos, debo decirle que claro se acaba de decir que nosotros ocupamos el puesto 78 a nivel de población y sin embargo a nivel de IAE el 619, de IBI el 1.509, en vehículos el 929, imagínese señor González lo que podría hacer si empezara a subir los impuestos para que recaudase muchísimo más, estaría la bolsa llena y no sabría lo que hacer con el dinero, si ya no los sabe ahora teniendo en cuenta que ocupamos el 2.500, si realmente pretende estar al mismo nivel que todas estas ciudades no se qué va a hacer con todo el dinero que va a recaudar, entonces esto está así porque en otros lugares destinan ese dinero a otros servicios mucho mejores que los nuestros, entonces por favor seamos menos demagógicos; a otros niveles pues vamos a decir que vamos a votar una por una y vamos a debatir una por una, en el de obras tiene su razonamiento efectivamente esa subida, el incremento del valor de los terrenos de naturaleza urbana, plus valía, tenemos nuestras dudas nos gustaría que hubiera muchas más modificaciones nos gustaría que el nivel de plus valía que se genera en las herencias, en las sucesiones, a nivel de sucesión "mortis causa" que estuviera totalmente exenta y sin ningún requisito paralelo, es decir que de padres a hijos se heredase sin ningún tipo de plus valía, que estuviera totalmente exenta, nos gustaría que fuese así, entonces vamos a tener que votar en contra, porque efectivamente existe una bonificación fiscal del 95% en esta tasa pero que está condicionada a determinados requisitos que a lo mejor están demás y no creo que signifique mucho dinero, entonces en esta también vamos a votar en contra; con relación al IBI vamos a votar en contra en todo caso, me gustaría una mayor planificación, independientemente de que el incremento del impuesto que ya digo que no creo que haga falta subir tanto los impuestos, eso ya vaya por delante porque lo dije en el pleno anterior, debo decir que en el IBI se contempla la Ley de Haciendas Locales, no sé si usted conoce el artículo 74.1 de bonificaciones potestativas, en la que podríamos llegar a poner una bonificación del 90% a aquellas zonas donde podríamos tener en cuenta que las infraestructuras que tienen no son las mismas que en el resto de la ciudad, entonces creo que esas casas que no tienen saneamiento podrían tener una bonificación sino del 90 que es el tope máximo que lo tengan en cuenta, sería importante que lo tengan en cuenta que no tienen los mismos servicios que en el centro de la ciudad, si ustedes reconsideraran su postura que claro va a ser difícil porque sin estudio y así de repente no creo que se les ocurra proponerlo pues votaríamos a favor pero lógicamente no lo van a hacer y tendremos que votar en contra pero básicamente por falta de planificación y de estudio que aquí creo que el estudio ha sido poco, directamente han tirado para arriba, han incrementado los impuestos sin pararse a pen-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

sar en que podemos planificar de outra maneira, ver bonificaciónes fiscales por temas de tráfico a los taxistas, ver bonificaciónes fiscales a viviendas de esta ciudad que no tienen los mismos servicios que los demás, entonces había que hacer un estudio más detallado que espero que para el año que viene lo tengamos; con relación a los vehículos vamos a votar en contra porque que nos suban el impuesto de vehículos cuando por el 90% de la ciudad no podemos circular es un poco chistoso; y con relación al de actividades económicas pues vamos a votar a favor y creo que con esto está todo dicho si no me olvido de nada."

Novamente intervén o **Sr. González Carballo**, dicindo: "Como queiran vostedes, se pode facer votación separada na de taxistas, porque o problema é o momento procesual, tampouco tiña porque ser o 41 quero dicir se houbera sido en comisión podíamos ter feito pero agora é un pouco complicadillo, evidentemente, poñernos a negociar agora o dos taxis, de todas maneiras é a transmisión que hai un ao ano ou algo así, é dicir tampouco é unha cousa tal, e despois é a revisión anual que en vez de 18 son 25 euros, se lles vale a sacamos de aí e a votamos separada porque senón temos un lío que temos que traela a outro pleno só por iso, e xa lles digo que a nivel recadatorio é algo moi tal, se utilizou o criterio da suba do IPC dende aquela e sen máis, agora de todas as maneiras todos os anos lles subimos as tarifas aos taxistas, tamén que o teña claro e son aprobadas por unanimidade, entonces se soben as tarifas algo máis que paguen non pasa nada, se lles vale así perfecto e en todo caso se quere o meu compromiso das dúas que planteaba problema, hai unha que non temos arreglo que é a de vehículos pero o que é a de plus valía e o IBI en todo caso o meu compromiso cando se traían para o ano que ven ver algunha posible bonificación da que fala, porque o que se contempla é da vivenda habitual na que convives cos pais etc., quero dicir non da plus valía que iso non supón tampouco así e pode ser un beneficio para o cidadán, pero en todo caso o compromiso de que na próxima vez que veña evidentemente restudialo como tamén había un compromiso aquí que nunca se chegou a efectivizar, hai unha en concreto e é bastante máis complexa que é a de basura que tamén digamos os tipos son xa de hai moitos anos e probablemente habería que modificar as tarifas e readatalas porque ao mellor hai anos froiterías apenas había e hoxe xeran moito máis lixo, ou ao mellor despachos profesionais xeran moito menos que outros e tamén, aínda que vostede non o plantexara, ese compromiso de tamén a do lixo podela tal, por tanto creo que se se pode someter a votación 17 taxas agás a número 2, a número 2 a votaríamos separada, os impostos votalos separados e tamén as dúas novas separadas por si las moscas."

De seguido o **Secretario Xeral do Pleno** informa: "Realmente, tanto ten votar todas aquelas nas que se está a favor ou que se vai a repetir o sentido da votación de xeito idéntico,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

unha detrás de outra que facelo nunha votación soa, sempre e cando teña o mesmo sentido.".

Rematado o debate conxunto dos puntos 4, 5, 6 e 7 da orde do día, procédese á VOTACIÓN ordinaria dos asuntos que se relacionan no epígrafe, e o Pleno do Concello, de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, por unanimidade, as Ordenanzas fiscais reguladoras das taxas que a continuación se relacionan, que contemplan modificacións respecto ás anteriormente vixentes consistentes na adecuación das cotas tributarias ao índice de prezos ao consumo, e as adaptacións legais oportunas.

Ordenanzas que se relacionan:

- Ordenanza Fiscal nº 1/2008 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.
- Ordenanza Fiscal nº 3/2008 reguladora da taxa pola tramitación da licenza de apertura de establecementos.
- Ordenanza Fiscal nº 4/2008 reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios.
- Ordenanza Fiscal nº 5/2008 reguladora da taxa por recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos e outros obstáculos das vías públicas.
- Ordenanza Fiscal nº 6/2008 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.
- Ordenanza Fiscal nº 7/2008 reguladora da taxa pola tramitación de licenzas urbanísticas.
- Ordenanza Fiscal nº 8/2008 reguladora da taxa pola prestación de servizos nos cemiterios municipais.
- Ordenanza Fiscal nº 9/2008 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupacións de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
- Ordenanza Fiscal nº 10/2008 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
- Ordenanza Fiscal nº 11/2008 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.
- Ordenanza Fiscal nº 12/2008 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

- Ordenanza Fiscal nº 13/2008 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

- Ordenanza Fiscal nº 14/2008 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos pola apertura de zanzas, prospeccións e gabias en terreos de uso público, así como as remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública.

- Ordenanza Fiscal nº 15/2008 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial pola instalación de quioscos na vía pública.

- Ordenanza Fiscal nº 18/2008 reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga.

- Ordenanza Fiscal nº 19/2008 reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión da rede de sumidoiros.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 do grupo político municipal do Partido Popular), a Ordenanza Fiscal nº 2/2008 reguladora da taxa pola expedición de licenzas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro, que contempla a modificación, con respecto á anteriormente vixente, consistente na adecuación da cota tributaria ao índice de prezos ao consumo, e as adaptacións legais oportunas.

TERCEIRO.- Expor o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello (no servizo de xestión tributaria) durante 30 días hábiles, así como proceder á publicación de anuncio desta exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, prazo durante os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

Advertirase expresamente que, de conformidade co artigo 17.3 da devandita Lei, o anuncio de aprobación provisional devirá automaticamente en aprobación definitiva de non presentarse alegacións en prazo, entrando en vigor a modificación da ordenanza logo da publicación íntegra do seu texto no BOP.

5.- ECONOMÍA E FACENDA. APROBACIÓN PROVISIONAL DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 20/2008 (REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS), 21/2008 (REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA), 22/2008 (REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES), 23/2008 (REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA) E 24/2008 (REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS), QUE MODIFICAN AS ANTERIORMENTE VIXENTES.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Realizado o debate deste punto conxuntamente no punto nº catro da orde do día, procedeuse á VOTACIÓN ordinaria dos asuntos que se relacionan no epígrafe, e o Pleno do Concello, de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, por unanimidade, a Ordenanza Fiscal nº 20/2008, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que contempla unha modificación respecto á anteriormente vixente consistente na variación do tipo de gravame do imposto; a adecuación, ao índice de prezos ao consumo, do importe asignado a cada módulo para a obtención dos orzamentos de execución material; e as adaptacións legais oportunas.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 do grupo político municipal do Partido Popular), a Ordenanza Fiscal nº 21/2008, reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, que contempla unha modificación respecto á anteriormente vixente consistente na variación do tipo de gravame do imposto, das porcentaxes ás que se refire o artigo 107.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as adaptacións legais oportunas.

TERCEIRO.- Aprobar provisionalmente, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 do grupo político municipal do Partido Popular), a Ordenanza Fiscal nº 22/2008, reguladora do imposto sobre bens inmobles, que contempla unha modificación respecto á anteriormente vixente consistente na variación do tipo de gravame, e as adaptacións legais oportunas.

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente dá conta de emenda presentada polo Concelleiro de Goberno delegado da área de Medio Ambiente Urbano e Facenda, na que se propón a corrección dun erro material no artigo 1.1.b) da Ordenanza Fiscal nº 23/2008, Reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que se vota conxuntamente coa ordenanza. A continuación procédese á votación desta ordenanza en concreto, segundo se expón:

CUARTO.- Aprobar provisionalmente, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 do grupo político municipal do Partido Popular), a Ordenanza Fiscal nº 23/2008,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que contempla unha modificación respecto á anteriormente vixente consistente no incremento das tarifas do imposto e as adaptacións legais oportunas, coa emenda presentada polo Concelleiro de Goberno da área de Medio Ambiente Urbano e Facenda, que corrixe o erro material producido no artigo 1.1.b) que queda redactado da seguinte maneira: "No caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade, declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención".

QUINTO.- Aprobar provisionalmente, por unanimidade, a Ordenanza Fiscal nº 24/2008, reguladora do imposto sobre actividades económicas, que contempla unha modificación respecto á anteriormente vixente consistente no incremento do coeficiente fiscal de situación do imposto, e as adaptacións legais oportunas.

SEXTO.- Expor o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello (no servizo de xestión tributaria) durante 30 días hábiles, así como proceder á publicación de anuncio desta exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, prazo durante os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

Advertirase expresamente que, de conformidade co artigo 17.3 da devandita Lei, o anuncio de aprobación provisional derivará automaticamente en aprobación definitiva de non presentarse alegacións en prazo, entrando en vigor a modificación da ordenanza logo da publicación íntegra do seu texto no BOP.

6.- ECONOMÍA E FACENDA. APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE NOVA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL, E DA CORRESPONDENTE ORDENANZA REGULADORA (27/2008).

Realizado o debate conxuntamente no punto nº catro da orde do día, procedeuse á VOTACIÓN ordinaria do presente asunto e o Pleno do Concello, de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, segundo se regula na correspondente Ordenanza Fiscal (nº 27/2008) que, así mesmo, tamén se aproba.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

SEGUNDO.- Expor o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello (no servizo de xestión tributaria) durante 30 días hábiles, así como proceder á publicación de anuncio desta exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, prazo durante os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

Advertirase expresamente que, de conformidade co artigo 17.3 da devandita Lei, o anuncio de aprobación provisional derivará automaticamente en aprobación definitiva de non presentarse alegacións en prazo, entrando en vigor a modificación da ordenanza logo da publicación íntegra do seu texto no BOP.

7.- ECONOMÍA E FACENDA. APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE NOVA TAXA POR SERVIZOS ESPECIAIS OU TRANSPORTES, E DA CORRESPONDENTE ORDENANZA REGULADORA (26/2008).

Realizado o debate conxuntamente no punto nº catro da orde do día, procedeuse á VOTACIÓN ordinaria do presente asunto e o Pleno do Concello, de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa por servizos especiais ou transportes, segundo se regula na correspondente Ordenanza Fiscal (nº 26/2008) que, así mesmo, tamén se aproba.

SEGUNDO.- Expor o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello (no servizo de xestión tributaria) durante 30 días hábiles, así como proceder á publicación de anuncio desta exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, prazo durante os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

Advertirase expresamente que, de conformidade co artigo 17.3 da devandita Lei, o anuncio de aprobación provisional derivará automaticamente en aprobación definitiva de non presentarse alegacións en prazo, entrando en vigor a modificación da ordenanza logo da publicación íntegra do seu texto no BOP.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

8.- ECONOMÍA E FACENDA. APROBACIÓN DE DUPLICADO DA FACTURA 22/02, POR RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO, DA EMPRESA CONSULTORA GALEGA, S.L., CORRESPONDENTE POR IMPORTE DE 11.960,14 €.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda sobre a aprobación de duplicado da factura 22/02, por recoñecemento extraxudicial de crédito, da empresa Consultora Galega, S.L., correspondente por importe de 11.960,14 €.

Aberto o debate, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **dona María Guadalupe Muriello Solís**, manifestando: "Otra vez un reconocimiento extrajudicial de deuda, habíamos quedado en que los reconocimientos extrajudiciales de deudas eran casos excepcionales que aquí se están convirtiendo otra vez en regla, don Raimundo, es un problema y en este caso es un problema creo que gordo, no querría estar ahí en su lugar, mire estamos hablando de una factura de Consultora Galega, una factura del año 2001 de un proyecto que se cierra el contrato en el año 2001, estamos en el año 2007, 6 años después, he revisado el expediente, voy a ir al principio para que todos entendamos de que estamos hablando, se solicita un anteproyecto para la realización de unas medianeras en la ciudad de Pontevedra en la zona de la Peregrina, concursan dos empresas, licitan al mismo precio y se le da a Consultora Galega por su experiencia y su equipo multidisciplinar, tenemos un plazo de ejecución de este anteproyecto de 8 meses, dividido en 5 fases, esta factura que traen ustedes para que aceptemos pagar fuera de toda norma, es la que corresponde a la fase número 2 que es el 40% de ejecución del proyecto, en una de las cláusulas del contrato firmado dice, porque me lo he estudiado, que cuando no se cumplan los plazos resulta que o se rompe el contrato o se penaliza a la empresa, no sé si es la norma habitual de este Ayuntamiento, desde luego si lo era hasta ahora, le garantizo que a partir de ahora no lo va a ser, estamos aquí para gestionar y para gestionar bien no para perder el tiempo y si a una empresa le pedimos un trabajo y ese trabajo no se realiza en tiempo y forma o le penalizamos, o le multamos o rompemos el contrato y lo hace otro, lo que no es normal ni de recibo es que sigamos contratando con la misma empresa como seguimos haciendo, repito, Consultora Galega, entiendo que esta factura viene hoy aquí porque creo que no se cumplieron los plazos, no he conseguido encontrar ni un solo informe técnico del Ayuntamiento de Pontevedra, ni de Intervención, ni del Arquitecto técnico, ni de nadie, que diga que efectivamente se cumplieron los plazos de ejecución de ese contrato, porque lógicamente si estamos trayendo aquí la factura correspondiente a la fase 2, y la 3, la 4, la 5, ¿están pagadas?, realizadas, no se presentaron, ¿qué es lo que pasó?, me parece que no es de recibo pagarle a nadie algo que no se ha acabado y leo literalmente el contrato y soy muy legalista

CONCELLO DE PONTEVEDRA

y a lo mejor me paso, que hay un artículo que dice en este contrato, penalidades administrativas: en caso de incumplimiento del plazo la Administración podrá optar indistintamente por resolver el contrato o por imponer una penalidad diaria en la proporción de 20 pesetas por cada 100.000, en el año 2001 hablábamos en pesetas todavía, lo que no entiendo es cómo tienen la desfachatez, entiendo que a lo mejor no es un tema suyo, es que no hay más remedio que hablarlo ahora aquí porque ningún técnico de este Ayuntamiento se quiere mojar en esto, es lógico, es que yo tampoco querría si fuera ellos; entonces como desde el año 2001 este contrato se ha incumplido y vienen aquí a que lo paguemos, una cosa que entiendo que no tenemos que pagar jamás, si cumplimos los contratos, entonces votaremos en contra."

Seguidamente, en representación del grupo municipal del BNG, intervén **don Raimundo González Carballo**, dicindo: "Imos a ver, hai cousas deste asunto que despois se acordaron incorporar ao plan os traballos, etc., non estaba na comisión de urbanismo, por tanto eses trámites non os sei, o que si sei é que hai traballos realizados e que polo tanto hai que aboalos, e que despois tamén houbo unha serie de avatares diversos coa factura, que se se perdeu, que se non sei que, que se houbo duplicados, evidentemente non son cousas habituais na Administración pero algunha vez pasa, pero quero dicir con relación aos traballos iso se tratara xa na comisión de urbanismo, non sei en que ano, e entonces en todo caso creo que Mosquera ten máis información sobre o tema, sobre o traballo en si, e o outro evidentemente é unha débeda que hai que pagar."

De seguido fai uso da palabra, **don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, en representación do grupo municipal do BNG, manifestando: "Moi brevemente, para unha vez que algo de planeamento se presenta practicamente en tempo e forma, enganchar co argumento de prazos e demais; presentouse a primeira fase que por desidia, digamos que por trámites municipais, tardou, presentou a segunda fase e nese momento detectouse que hai cantidade de medianeiras que o lóxico era incorporalo ao plan e iso decidiuno a Corporación e a empresa neste caso pasou o sufrimento de un contrato que tiña adxudicado non executalo todo, á parte de non executalo todo o traballo que tiña axustalo para o plan, pasar cinco anos ou seis e aínda por riba o que tiña executado en tempo e forma resulta non cobralo en cinco anos; esa é a cruda realidade, despois se pode discutir e valorar todo o que se queira pero a cruda realidade está aí, é así, entonces seguramente no expediente non consta que se lle deu a instrución de que ese plan se parara e con esa documentación integrala ou o que sexa, pero nese caso foi en detrimento para a empresa que tiña un contrato por todas as fases, só executou parte, aceptan non executar o resto e integralo dentro do plan, iso foi o que se acordou, entonces o traballo está feito, está aí, haberá que pagalo, e resulta que a empresa á par-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

te do que tiña que cobrar non cobralo no seu momento, pasar o tempo e aínda por riba non cobra a factura durante cinco anos, creo que se pode criticar o faio de tramitación todo o que se queira agora que non hai que pagala o que aínda por riba suponse que foi un beneficio para a empresa, neste caso nada máis lonxe da realidade, iso está fóra de lugar."

Novamente intervén a **Sra. Murillo Solís**, dicindo: "Señor Mosquera, con datos, pasemos por encima, vamos a aprobarlo porque ustedes tienen mayoría, pero no entre porque siempre vamos con todo, entonces no entre, la factura se pierde según parece, pero curiosamente Consultora Galega cuando dice que se perdió es en el año 2006, 27 de noviembre de 2006, es el primer escrito que tenemos recogido en el Ayuntamiento, entonces explíqueme desde el año 2002, como es posible, vamos a dejarlo aquí porque no tiene sentido seguir discutiendo pero no me cuente películas señor Mosquera."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 do grupo político municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

Prestar aprobación ao duplicado da factura número 22/02, de data 28 de agosto de 2002, por importe de 11.960,14 €, presentada pola empresa CONSULTORA GALEGA, S.L., correspondente á "realización dos traballos consistentes na redacción dun plan especial de medianeiras no solo urbano da cidade - fase 2ª: anteproxecto de ordenación, memoria e ordenanzas", con recoñecemento extraxudicial de débeda contraída por este Concello, ordenando o seu pago con cargo á partida 015.432-62790S do Estado de Gastos do Orzamento de 2006 (AD 2007-12556).

9.- ECONOMÍA E FACENDA. APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 10/2007 (3 CEXT-SUP/2007), POR IMPORTE DE 1.273.122,14 €.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión de Economía e Facenda sobre o expediente de modificación de crédito nº 10/2007 (3 CEXT-SUP/2007), mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe de 1.273.122,14 €, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 15 de outubro de 2007.

Aberto o debate, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, fai uso da palabra **don Raimundo González Carballo**, dicindo: "Moi brevemente, é unha modificación de crédito por valor 1.273.000 euros e en concreto é para

CONCELLO DE PONTEVEDRA

financiar catro cousas, por orde cuantitativo, o suplemento de crédito para o complementario de Valentín García Escudero, 637.000 euros, despois un crédito extraordinario de 530.000 euros para melloras e acondicionamento no Pazo de Cultura, e despois para dúas infraestruturas deportivas en concreto a iluminación do campo de fútbol 7 e do campo de fútbol 11 na Xunqueira, se financia todo con remanente de Tesourería e é toda a cuestión."

A continuación, intervén **dona Margarita Castejón García**, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sinalando: "Nada máis que anunciar el voto a favor de esta modificación que supone hacer frente a unos gastos de un yacimiento medieval que es el más importante de Galicia, que queremos descubrir, que queremos conservar, que queremos estudiar y mostrar la historia de la ciudad y por otra parte iniciar obras de mejora y acondicionamiento empezando por la sala de exposiciones del Pazo de la Cultura pero que es el principio de un proyecto más ambicioso de acondicionar tanto el Pazo como el Recinto Ferial para que estén al nivel que necesitamos en la ciudad."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **dona María Guadalupe Muriello Solís**, manifestando: "Anuncio el voto favorable de este grupo municipal porque estamos para construir, como dijimos en su momento, y no para otra cosa, en la línea que ya le dije señor González que no nos gustan las ampliaciones de créditos si no hay urgencia, que es uno de los requisitos que tiene que haber como ya le dije en el pleno anterior, si entendemos que a lo mejor es urgente dotar a esta ciudad de mejores infraestructuras deportivas, esto es una realidad con lo cual el hecho de que instalemos iluminación en dos campos de fútbol en la Junquera nos parece fundamental; con relación al Pazo de la Cultura me parece impresionante que el señor Antón Louro haya cogido el testigo del pleno anterior porque han sido 20 días y se han puesto las pilas y realmente después de haber dicho que hemos tenido pérdidas ahora váyase a proceder a mejorar el Pazo de la Cultura, a ver si le sacamos partido de verdad, entonces vamos a favor de estos temas, encantados de que esto funcione tan rápido, de que piensen que hay que climatizarlo, de que hay que poner unos tolditos para que entre la luz y podamos tener realmente exposiciones que no podíamos tener, que podamos panelar y hacer espacios más pequeños porque, como dijo en la reunión esa que tuvieron los hosteleros en La Toja, no en La Coruña señora Casal, que no tenemos hoteles, así como podemos hacer espacios más pequeñitos para el Pazo de la Cultura al panelar podemos hacerlos, entonces va a ser fundamental proceder a realizar estas obras y esa urgencia la puedo entender; la plaza ésta que hemos metido aquí, que es una cosa que hacen habitualmente, señor González, le pido y esto se lo pido encarecidamente que así como en otras cosas la urgencia

CONCELLO DE PONTEVEDRA

la podemos entender, nos gustaría que se parara en determinados temas, esto viene en un punto único, nosotros entendemos que lo de los campos de fútbol incluso nos parece perfecto, que lo del Pazo de la Cultura también, ahora lo del museo efímero no hemos tenido el proyecto delante y nos parece todo un poco precipitado, la urgencia podemos entenderla parcialmente pero nos gustaría más separación entre asuntos y no meterlo todo urgente para ver si tragamos con todo, tragamos parcialmente con muchas de sus propuestas y las vamos a apoyar al cien por cien se lo garantizo."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por unanimidade, e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 10/2007 (3CEXT-SUP/2007), MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, por un importe de un millón douscentos setenta e tres mil cento vinte e dous euros con catorce céntimos (1.273.122,14 €).

SEGUNDO.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Esta modificación orzamentaria considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

10.- PERSOAL. INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL MÁXIMA PREVISTA, DENTRO DOS LÍMITES PRESUPOSTARIOS, PARA O COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión de Economía e Facenda sobre o incremento da contía global máxima prevista, dentro dos límites presupostarios, para o Complemento de Produtividade.

Aberto o debate, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, fai uso da palabra **don José Antonio García Lores**, manifestando: "Este incremento

CONCELLO DE PONTEVEDRA

da contía prevista para o complemento de produtividade é consecuencia da introdución dun novo concepto retributivo que é o concepto de festividade, engadido ao que suman outros elementos como o de nocturnidade, especial dedicación, que conforman este complemento global no seu conxunto, que veñen recollidos no artigo 41 do acordo marco que regula as condicións de traballo no concello de Pontevedra asinado ao longo deste ano como saben vostedes, ten o seu fundamento habida conta de que a aparición de dito concepto e posterior á aprobación do orzamento do Concello no pleno do 7 de febreiro e para dar cumprimento ao acordo acadado entre o concello e os traballadores, asinado como dicía con posterioridade á aprobación do orzamento do ano en curso, por iso ven neste momento, igualmente lle recordo tal como consta na acta do pleno de 10 de agosto que se estaba á espera de resolución da autoridade laboral, neste caso a Delegación Provincial de Traballo, a demanda interposta en relación co artigo 2 deste III acordo asinado no seu momento, relativo ao ámbito de aplicación polo que en consecuencia parecía prudente esperar á resolución desta cuestión, desta desavenencia para dirimir que traballadores serían susceptibles ou non de percibir este novo concepto de festividade e unha vez resolta a disquisición e a liorta parece o momento oportuno e axeitado para facer a modificación que se trae hoxe ao pleno para poder aboar aos traballadores os festivos que realizaron ao longo deste ano."

De seguido, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **don Jacobo Moreira Ferro**, dicindo: "Por parte do grupo municipal do Partido Popular queremos facer as seguintes observacións ao punto que se somete a votación, como se reflicte no informe do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade do 15 de outubro que está incorporado ao expediente, as cantidades establecidas para gratificacións superan o límite permitido pola lexislación, sería perfectamente comprensible este incumprimento se se producise no curso do exercicio porque é entendible que poidan xurdir novos avatares e feitos imprevistos que non existían ao principio do ano ou no momento en que se aproban os orzamentos, pero o que chama a atención é que xa nos orzamentos aprobados para o 2007 se superaba este límite o que denota aquí claramente un incumprimento deliberado da lexislación; por outra banda segundo consta no expediente vemos que as gratificacións de persoal funcionario ascenden a 30.635,65 euros, cantidade que entendo que demanda unha explicación pola súa banda cando a lexislación expresamente di que as gratificacións teñen que respostar a servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo, polo tanto se os servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo suman 30.635 euros e porque probablemente exista unha inadecuada organización do traballo, sería conveniente que o grupo de goberno informara a que obedecen estas gratificacións; o groso das partidas de gratificacións por horas extras e produtividade por festivos

CONCELLO DE PONTEVEDRA

prodúcese practicamente na Policía Local, que se sumamos os importes que devengan suma un importe total de 62.266 euros, pero non todo remata aquí no expediente do punto que se somete a votación non están aínda incorporadas as gratificacións nin os complementos de produtividade do Corpo de Bombeiros o que suporá seguro outra cantidade importante semellante á devengada pola Policía Local, de aí que vostedes propoñan que se aprobe un incremento do límite non de 67.000 euros que son os que resultan precisos para este momento senón de 110.000 euros porque xa se van dando conta de que o desaguisado vai crecer máis ata final de ano, a conclusión de todo este proceder é evidente, existe unha falla de organización do traballo que leva ao goberno a parchear continuamente os orzamentos a espremer a traballar horas extras e traballar en festivos e todo isto vulnerando a lei que regula as retribucións, saltándose sen problema algún os topes máximos que para estas gratificacións marca a lei, vostedes non son capaces de dar unha solución a este tema, nós se me o permite suxerímoslle a seguinte, se é que o pacto de goberno o permite, que realicen unha auditoría operativa de servizos para reordenar os distintos departamentos, en especial o da Policía Local, para qué, pois para determinar cales son as necesidades de persoal de modo que á vista da citada auditoría se reestruturen as distintas unidades administrativas e se doten as plantillas para evitar que se produza esta sangría de horas extras; este grupo non está de acordo en perpetuar este sistema de xestión do traballo, posto que estamos en contra de que se paguen horas extras, a solución é contratar máis persoal, as horas extras entendemos, a normativa así o di e a xurisprudencia tamén, que deben ser para casos puntuais de forma maior, casos non contemplados ou inesperados, pero non pode ser un concepto normal e rutinario que case forme parte da nómina normal e rutinaria dun funcionario, parece mentira que vostede que segundo a información que teño foi Secretario da UGT estea a favor de que se potencien as horas extras en vez de contratar máis persoal; o que si temos contrastado é que Pontevedra segue tendo un problema de tráfico importante, o que se necesita é máis Policía Local para Pontevedra, estamos asistindo a un caos de tráfico, a solución que vostedes utilizan é poñer máis horas extras aos policías, non hai policías suficientes, os que hai pois non os poñen vostedes a regular o tráfico senón que simplemente como resposta institucional os mandan sancionar indiscriminadamente, polo tanto anunciámoslle o voto en contra deste punto."

Novamente intervén o **Sr. García Lores**, manifestando: "Creo que en principio non se deberían mesturar cuestións porque estamos falando dun concepto retributivo que é o de festividade dentro do complemento de produtividade o que ven neste momento a pleno e, loxicamente como dicía, derivado dun acordo entre empresa e traballadores e que loxicamente de incumprilo pois o perderíamos no xulgado de todas todas como vostede sabe que é avogado; apelou vostede á miña condición de ex secreta-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

rio da UGT, evidentemente sempre estiven e estarei en contra das horas extras, evidentemente, agora hai imperativos que son imposibles de abordar dun día para outro cando nunha plantilla tes case un terzo dos seus membros de baixa parece complicado facelos traballar estando cunha baixa da seguridade social; respecto a iso de mandar sancionar me lo explique porque para nada."

Seguidamente intervén o **Sr. Moreira Ferro**, sinalando: "O concepto de gratificación está incorporado ao expediente está aí concretamente no punto 1, gratificacións, hai unha partida, partida b), na que se reflicte expresamente que non existe consignación orzamentaria pero ao que vou eu é a que este concepto xa de entrada, xa dende o inicio do ano, se consignou con un límite superior ao que permite a lei, estamos vendo que hai funcionarios con moitas horas extras, moitos que traballan en festivos que non lles correspondían pero teñen que traballar, moitos expedientes abertos a funcionarios, funcionarios de baixa, entón pregúntome non se pararon vostedes a pensar que ao mellor están vostedes facendo as cousas mal, que a culpa non está nos funcionarios senón en vostedes, é preciso que fagan unha política responsable e se poñan vostedes a traballar para solucionar estes problemas que dende logo non se solucionan pagando horas extras."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 12 do grupo político municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

Incrementar o límite establecido no Orzamento para a asignación do complemento de produtividade e gratificacións, na contía de 110.000 €.

INCIDENCIAS.- No debate do seguinte asunto, sendo as 13:43 horas, auséntase da sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

11.- MOCIÓNS URXENTES.

A) MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ASIGNACIÓN DUN LOCAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES, Á ASOCIACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE PONTEVEDRA.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción do grupo municipal do Partido Popular sobre asignación dun local, para o de-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

senvolvemento das súas actividades, á Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Pontevedra, do teor literal seguinte:

"En 1960, Jeninek definiu o alcoholismo como "todo uso de bebidas alcohólicas que prexudiquen de calquera xeito ó individuo, á sociedade ou a ambos".

A OMS define como o "Síndrome de Dependencia do Alcohol", ó que engloba toda a sintomatoloxía do alcoholismo crónico "un estado psíquico e de cotío tamén físico, que resulta da inxesta de alcohol, e que se caracteriza por unha conducta e outras respostas que sempre inclúen compulsión por tomar esta sustancia de xeito continuado ou periódico, co obxecto de experimentar efectos psíquicos ou evita-las molestias xeradas pola súa ausencia".

Farmacolóxicamente o alcohol é unha droga depresora do Sistema Nervioso Central polo que causa dependencia física e psíquica, tolerancia e síndrome de abstinencia.

Na nosa cultura, o alcohol é unha droga institucionalizada, do grupo das chamadas "drogas legais".

Existen moitos factores que inflúen e predispoñen para o seu consumo: xenéticos, relixiosos, culturais, persoais, idade, sexo, clima laboral, clase social, lugar de residencia, etc.

As consecuencias nocivas poden ser directas, xa que é un tóxico, provocando alteracións a nivel hepático, cardíaco, sobre o sistema nervioso, etc. Ou pode ter efectos indirectos a través de mecanismos metabólicos ou hormonais, alteracións na resposta a infeccións, produción de cancros...etc.

As actuacións na loita antialcohólica deben estar baseadas en tres puntos:

1. prevención primaria, para evita-la aparición do problema
2. prevención secundaria: detección precoz do hábito alcohólico e posta en marcha de mecanismos inhibidores do consumo perxudicial.
3. prevención terciaria: rehabilitación e reinserción social do alcohólico.

Nesta fase de prevención terciaria, son esenciais as axudas dos asistentes sociais, psicólogos e médicos, englobados en asociacións de alcohólicos rehabilitados. Coa intervención destas asociacións, o suxeito, unha vez deshabitado, pode reincorporarse á sociedade e pode voltar a ser un membro útil para a mesma. Estímase que a duración mínima para a rehabilitación e a reinserción social debería ser duns 24 meses, tempo no que o paciente debe acudir con regularidade ó centro de axuda, unha ou dúas veces por semán.

Baixo estas premisas, constitúese a ASOCIACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE PONTEVEDRA, que agrupa a uns 70 afiliados, que coas súas cuotas (15 euros mes) costean os gastos da sociedade, o que inclúe o soldo do psicólogo, do médico,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

dos controis médicos, etc. Para o desenvolvemento da súa actividade é necesaria a existencia de salas de reunións para as terapias grupais (de 15 a 20 persoas), o uso do despacho médico para a realización de consultas e controis da evolución dos pacientes e lugares de uso común (oficina, sanitarios, etc).

Na actualidade, o Concello de Pontevedra tenlle asignado un local na rúa Sor Lucía, de 2x3 metros (6m²), que é a todas luces, insuficiente para o desenvolvemento das actividades rehabilitadoras dos pacientes.

As terapias grupais e as consultas fanse nos sotos da Escola de Maxisterio desta cidade, prestados pola dirección da mesma, instalacións pouco axeitadas, con pingueiras no inverno, sen condicións hixiénicas, sen servizos sanitarios, onde o médico pasa consulta no pasillo, etc. O que fai imposible unha axeitada actividade asistencial.

Por elo, o Grupo Municipal do Partido Popular de Pontevedra,

SOLICITA:

A asignación dun local axeitado para o desenvolvemento das actividades da Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Pontevedra, de xeito inmediato, local coas características físicas axeitadas para permitir a realización das terapias de grupo e as actuacións médicas e psicolóxicas precisas cos pacientes da Asociación."

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, **don José Manuel Barragáns Muñiz**, manifestando: "A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular refírese, como todos saben, a unha asociación, á Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Pontevedra; tras unha breve exposición técnica que ten a moción da que creo que non é importante agora mesmo explicar, si quería dicir que vai en función da fase terciaria dunha rehabilitación dos pacientes que integran esta asociación, esta prevención terciaria trátase da rehabilitación e reinserción social, nesta fase, como todos creo que coñecen, é necesaria a intervención de psicólogos, a intervención de médicos, e polo tanto teñen que ter uns lugares axeitados para desenvolver o seu traballo, nesta asociación que integra aproximadamente unhas 70 persoas e que non só son estas 70 porque implica o seu entorno familiar e todo o seu entorno social, pagan directamente todos os gastos que teñen e nestes momentos reciben do concello unha soa axuda que é un local de aproximadamente 6 metros cadrados na rúa Sor Lucía onde teñen unhas oficinas, e que é todo o local que teñen, obviamente non se poden realizar aí sesións de terapia de grupo con 15, 20, 25 ou 30 persoas que son as necesarias, é o principio básico para a reinserción social, estas

CONCELLO DE PONTEVEDRA

terapias teñen que ser seguidas durante bastante tempo, din os técnicos que debe de ser como mínimo dous anos, polo tanto o local que ocupan agora é un local dado con toda vontade, non dado senón prestado con toda a boa vontade pola parte da Escola de Maxisterio, colexio Vidal Portela, creo que se chama, e estas instalacións son cualificables como bastante ínfimas, algúns deste grupo estivemos alí, creo que dúas veces, neste local hai importantes humidades, hai luz natural escasa, no inverno hai goteiras, non están pintadas as paredes, o mobiliario por cualificalo de algunha forma é infame, as reunións son difíciles, no inverno fai moito frío porque a calefacción é absolutamente deficiente, non hai despacho para o médico, etc.; polo tanto consideramos que é absolutamente urxente a dotación de un local axeitado para desenrolar as actividades que precisan para conseguir unha reinserción social rápida e duradeira dos afiliados tanto dos presentes como dos futuros e que consideramos que esta actuación debe ser rápida e debe ser votada por esta Corporación de forma inmediata para subsanarlo o máis rápido posible da mellor maneira."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, intervéñ **dona Margarita Castejón García**, dicindo: "Tampoco voy a entrar en esa primera parte en la que hace una exposición tratando de definir de que hablamos cuando hablamos de alcoholismo porque creo que hay no tenemos ningún problema; el alcoholismo está siendo tratado dentro de nuestra área en sus aspectos médicos, sanitarios y sociales, por una multiplicidad de dispositivos, no es este un tema municipal, tenemos desde salud mental del CHOP, unidad asistencial de Drogodependencias del propio Concello, un dispositivo residencial "O meu lar" de Proxecto Home e atención primaria del SERGAS, esta disparidad de dispositivos da lugar a algunos problemas aunque si sabemos que existe un buen nivel de coordinación entre todos ellos, por esto desde la Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, está prevista la creación en el 2008 de una unidad de tratamiento de alcoholismo en Pontevedra similar a las que existen en otras áreas sanitarias y que curiosamente el área sanitaria de Pontevedra no tenía hasta ahora, y esta unidad de tratamiento de alcoholismo junto con la unidad de atención a Drogodependientes, que en este momento depende del Concello, se convertirán en unos dispositivos especializados que son las unidades especializadas de atención a conductas adictivas, naturalmente dentro del XERGAS en el que está ya en trámite la incorporación de toda la red de atención a drogodependientes, es decir que el problema del alcoholismo, serio e importante, está teniendo un abordaje institucional desde los servicios sanitarios y socio sanitarios, nos parece muy importante el tener en cuenta el problema del alcoholismo y que todos contribuyamos a su tratamiento y pongo un ejemplo, en nuestro servicio municipal de Drogodependencias en este momento ya es la segunda causa de inicio de nuevos historiales detrás de la

CONCELLO DE PONTEVEDRA

cocaína, pero estos servicios públicos, estamos todos totalmente de acuerdo que se une los trabajos realizados por grupos de autoayuda como son los grupos de alcohólicos rehabilitados o de alcohólicos anónimos, cumplen una función distinta de los otros dispositivos de los que hablábamos antes; en Pontevedra tenemos la suerte de contar con una asociación de alcohólicos rehabilitados que lleva mucho tiempo trabajando y mucho tiempo trabajando muy bien, son unas personas con una gran dedicación, y una gran dedicación que mantienen los responsables de esta asociación todas las horas del día a disposición de este proyecto, su labor se desarrolla como decía con alcohólicos, familiares, usted lo explicó, voluntarios, etc.; desde hace años el Concello, teniendo en cuenta esto, desde hace años, cuando llegué ya estaba esto, hay un local que está cedido a esta asociación en el edificio de la Casa Azul, que es la que está en la calle Sor Lucía, las dimensiones de este despacho que utiliza la Asociación de Alcohólicos Rehabilitados, una dimensión digo porque ustedes hacen referencia en la moción a los metros cuadrados, son unos despachos pequeños, sus dimensiones son similares a donde está el centro de información a la mujer y oficina de información a jóvenes, la que ocupa de la de la Asociación de Alcohólicos Rehabilitados y demás, y tenemos un sistema de cesión del uso de estos locales, está firmado por todas las asociaciones que utilizan estos locales, el compromiso de utilizar el local que se comparte muchas veces con otras asociaciones y con iniciativas y programas municipales, en el caso de la Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de la que estamos hablando en este momento, es una asociación que no tiene una determinación horaria, porque así nos lo demandaron y así se atendió el que no tuviesen limitación horaria porque ellos necesitan esos despachos para atender en cualquier momento a una persona que les demande atención; aparte de esto esta asociación hace esas otras reuniones de grupo, hay un dato que en su ponencia está equivocado, en su moción está equivocado, y nos habla de reuniones de grupo de 15 o 20 personas, esto no es así porque si fuesen 15 o 20 personas, en las propias dependencias de la Casa Azul podrían estar celebrando estas reuniones, pero en estas reuniones de los alcohólicos rehabilitados se juntan 70, 80 o más personas entre los propios pacientes que están siendo atendidos y sus familiares, entonces ellos necesitan algo difícil de contestar desde muchas administraciones porque es un espacio de estas características pero que no está utilizado durante todas las horas del día, estaban utilizando instalaciones de la Cruz Roja, la Cruz Roja hizo unas obras y durante el tiempo de las obras tuvieron que buscar donde les pudieron ceder otro espacio, la única institución que lo pudo hacer fue ese centro y les cedió ese espacio que todos sabemos que no reúne las condiciones ideales para esto pero que era lo que había, desde el Ayuntamiento por otra parte el Ayuntamiento dispone de un local que estaba cedido a la Asociación de Desarrollo Comunitario de Monte Porreiro y este local estaba previsto cedérselo a

CONCELLO DE PONTEVEDRA

la Asociación de Alcohólicos Rehabilitados, ellos saben el compromiso que tienen con este tema, digo ellos porque están aquí presentes, el compromiso que tienen con este tema de acondicionamiento y uso de este local, nos parecía en el Ayuntamiento que este local convenientemente acondicionado reunía los requisitos, solicité el informe de la Dirección General de Drogodependencias y por fin llegó el informe por escrito del cese de actividad de esta asociación de la que estaba hablando y que estaba ocupando este local, por tanto ya están iniciados, y ellos lo saben, los trámites con Patrimonio del Concello para que se les ceda ese local a la Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Pontevedra para que celebre todas esas reuniones; concluyendo, podríamos decir que votábamos en contra de una moción por innecesaria, su grupo político en el mandato anterior nos tenía acostumbrado a este tipo de cosas, pero también nos parece un poco innecesario votar en contra de algo que estamos haciendo, que vamos a hacer, que creemos que hay que hacer y que ahí está porque evidentemente no será el resultado de esta moción lo que dije que estamos haciendo y que vamos a hacer porque la cogí ayer y desde ayer hasta hoy no tengo tiempo de determinar cuál es el local que se le va a ceder a la Asociación de Alcohólicos Rehabilitados a la que solamente quiero añadir el darles la enhorabuena, desear que continúen desarrollando su actividad de enorme interés para los ciudadanos de Pontevedra."

A continuación intervén **dona María dos Anxos Riveiro Portela**, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestando: "Considero que como gobierno debemos ser quen de ter unha visión global das diferentes demandas dos cidadáns para poder establecer un plano de actuacións sobre elas que abonda ademais na igualdade de oportunidades para todos, con esta filosofía de traballo e ao longo de todos estes anos se foron poñendo os piares para responder a estas demandas e así as diferentes entidades sociais que traballan no noso Concello pois o están a facer en espazos cedidos polo Concello ou xestionados a través do propio concello, os hai de abondo; neste caso referíndonos a esta asociación en concreto o Concello efectivamente douna dun espazo, un espazo municipal que se ben reducido era o dispoñible naquel momento, e ademais se estableceu un compromiso de busca dun espazo máis axeitado que efectivamente por un lado están as conversas con outras entidades para ver si podían acoller, igual que se fai con esta asociación se fai con moitas outras, pois iso buscar un espazo máis axeitado para desenvolver a súa actividade, neste momento é xa unha realidade polo que non temos inconveniente en votarlle a favor da súa proposta."

Novamente intervén o **Sr. Barragáns Muñiz**, manifestando: "Só dúas cousas moi breves porque xa que en principio estamos todos de acordo creo que non ten lugar empregar máis tempo do pleno, non perdelo; en primeiro lugar todo o que vostede di da

CONCELLO DE PONTEVEDRA

estrutura sanitaria do SERGAS sobre este tema e de outras estruturas de tipo de saúde as coñezo perfectamente xa que estiven dirixindo un hospital que tiña unha unidade psiquiátrica e as coñezo perfectamente pero non quería entrar en termos técnicos antes e por iso tampouco o fixen; en segundo lugar, estamos absolutamente de acordo en que o local que teñen nestes momentos é insuficiente e tecnicamente inviable polo que non imos entrar en máis cousas, cando me refería ás 15 ou 20 persoas era un pouco o mínimo que entra nestas reunións de terapia, evidentemente que estou absolutamente de acordo en que, como vostede di, logo son moitas máis; terceiro, discrepo con vostede en que a moción sexa innecesaria porque o coñecemento de que xa teñen concedido o local en Monte Porreiro pois a verdade entérome agora e creo que eles tampouco debían sabelo moito polo menos hai uns días, polo tanto si xa é así e xa teñen ese local creo que me congratulo, pero o sentido da moción era precisamente para conseguir iso e se é así pois estamos de acordo pero a moción no seu momento considero que era necesaria pero se deu pe a que esteamos de acordo e votemos a favor e teñamos o local pois benvido sexa e incluso acepto que sexa innecesaria."

Volve a intervir a **Sra. Castejón García**, indicando: "Solamente dos puntualizaciones, la referencia al número de 15 o 20 la hago porque si ese fuese el número habitual de personas en instalaciones municipales teníamos donde facilitarles el espacio; estas personas si saben todos los trámites, están absolutamente informadas pero se encuentran en una situación y me lo dijeron todavía esta mañana, llevamos 16 años pidiéndolo, cuando yo les dije que se fiasen, dijeron: ya no nos fiamos de nadie, llevamos 16 años pidiéndolo, esta es la razón por la que, insisto, ellos si estaban informados."

De seguido o **Sr. Barragáns Muñiz**, sinala: "Se todo isto é así e estamos de acordo supoño que na Xunta de Goberno próxima tomarán a decisión de darlle o local."

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**, o seguinte: "Cos trámites correspondentes pertinentes, que vostede saberá que son necesario executar, que poden levar tempo, iso tamén é así."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes (non está o señor Mosquera Lorenzo), acorda aprobar a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre asignación dun local, para o desenvolvemento das súas actividades, á Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Pontevedra, nos termos establecidos na precedente transcripción da moción presentada.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

B) MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O AUMENTO DE EFECTIVOS DA POLICÍA NACIONAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o aumento de efectivos da Policía Nacional no Concello de Pontevedra, do teor literal seguinte:

"Este grupo municipal do Partido Popular, a través da invitación cursada polo Sindicato Unificado de Policía (SUP) ós diferentes axentes sociais, tivo coñecemento da súa proposta de dotación para a Comisaría Provincial de Pontevedra no vindeiro Catálogo de Postos de Traballo do Corpo Nacional de Policía.

Do estudio da proposta extráense os seguintes feitos:

A.- A Comisaría Provincial de Pontevedra conta na actualidade cunha dotación de 183 policíaas.

B.- Os datos de índice de criminalidade no noso municipio evidencian un incremento no número de delitos e faltas neste ano con respecto ó ano 2006, xa que por exemplo, no que se refire a roubos con violencia, no mes de xullo do ano en curso se superou unha taxa de incremento do 100% con respecto ó mesmo mes do ano anterior, aumentando tamén os roubos con forza nas cousas, e observándose así mesmo un crecemento significativo do número dalgúns tipos de faltas contra as persoas.

C.- A falla de dotación chega a extremos que resultan preocupantes, pois na fin de semana do pasado 14 de outubro, en todo o municipio de Pontevedra soamente patrullaba as nosas rúas un único vehículo policial (Zeta) con dous axentes.

D.- Xa o propio Subdelegado do Goberno na provincia manifestou aos medios de comunicación a principios do ano 2005 que os efectivos da Policía non eran os máis adecuados, e expresou a súa confianza en que o Goberno central cumpriría o seu compromiso de dotar ó Corpo Nacional de Policía con máis axentes na nosa cidade.

E.- Así mesmo, a Comisaría de Ourense conta aproximadamente con 37 funcionarios de corpos xerais para atender labores burocráticos e dar cobertura a só 250 funcionarios, por tanto cunha carga de traballo moi inferior á nosa Comisaría Provincial, que ten só 20 funcionarios de corpos xerais (17 menos que Ourense) e sen embargo dá cobertura a 1.000 funcionarios en toda a provincia, isto é, tres veces máis. Estes datos son unha proba fehaciente da falla de recursos na Comisaría de Pontevedra. Pero podemos aínda aportar outro dato máis,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

cal é que actualmente o Negociado de expedición de DNI de Salvaterra de Miño está fóra de servicio debido á baixa dos funcionarios de corpos xerais. Isto ven corroborar tamén a carencia de persoal na nosa Comisaría Provincial, xa que esta non é capaz de dar cobertura ó citado Negociado para cubrir a baixa por falta de efectivos.

F.- Da Comisaría de Pontevedra, dado o seu carácter de Comisaría Provincial, dependen funcional, orgánica e administrativamente outras localidades con gran importancia ás cales no novo catálogo de postos de traballo asígnanselle as seguintes dotacións: Vigo (700 efectivos), Vilagarcía (65 efectivos), Marín (50 efectivos), Comisaría Conxunta hispanoportuguesa de Tui (32 efectivos), e Unidade de estranxeiría e documentación de Salvaterra (8 efectivos).

G.- Ademais, na Comisaría de Pontevedra tamén se atopan ubicadas unidades da importancia do GRECO e UDYCO (esta nótrese de persoal da propia Comisaría Provincial), de especial relevancia na loita contra o crime organizado e o narcotráfico, o que xenera un volume de traballo adicional que debe soportar a Comisaría Provincial.

H.- Na provincia de Pontevedra existe tamén unha especial problemática referida ás mafias do tráfico de drogas a grande e mediana escala, cunha zona especialmente afectada por esta cuestión como é a de Arousa, cuxa xestión tamén se atende desde esta comisaría.

I.- Non debemos esquecer que a proximidade do Centro Penitenciario da Lama afecta de forma colateral á carga de traballo da Comisaría Provincial, xa que conta con presos por delitos de terrorismo que teñen que ser obxecto de seguimento pola Policía Nacional.

J.- A dispersión xeográfica e poboacional, así como o fluxo de poboación flotante debido á proximidade de numerosos grupos urbanos, fan necesario o incremento de recursos humanos.

K.- A dotación prevista para Pontevedra é a mesma que teñen municipios como Segovia, Jaén ou Ciudad Real, que sendo de similar poboación, teñen sen embargo moitísima menos dispersión xeográfica que Pontevedra e menos comisarías ó seu cargo. Axúntase documento do Instituto Nacional de Estadística, comparativo da dispersión xeográfica.

L.- Segundo información recibida do SUP, o Catálogo de Postos de Traballo do Corpo Nacional de Policía ten unha vivencia de varios anos, de modo que a fixación do límite de efectivos que se faga neste Catálogo significará unha barreira que impedirá o incremento da plantilla nos vindeiros anos.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de PP presenta para a súa aprobación no Pleno a seguinte:

Proposta de acordo:

Instar ó Excelentísimo Sr. Ministro do Interior para que no Catálogo de Postos de Traballo do Corpo Nacional de Policía, a sede da Comisaría Provincial de Pontevedra sexa encadrada dentro das comisarias provinciais coa dotación de 250 efectivos de policía."

INCIDENCIAS.- Sendo as 14:10 horas, auséntase da sesión dona Celia Alonso Caramés.

Aberto o debate, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **don José Benito Suárez Costa**, manifestando: "O motivo desta moción é como consecuencia dun escrito que creo que, ademais de a nós, o propio SUP o Sindicato Unificado de Policía lle mandou a todos os grupos pedindo unha reunión para tratar este tema ante a preocupación que teñen en canto aos recursos e, por outro lado, en canto ao que é o catálogo de postos de traballo, ao límite, estamos falando do límite do catálogo de postos de traballo; tivemos esta reunión esta semana e entre as cousas que non expuxeron está a súa fonda preocupación debido a que a Comisaría Provincial de Pontevedra, como o seu nome indica, é a comisaría principal para toda a provincia, comisaría que ultimamente está mermando os recursos tanto de efectivos policiais como de corpos xerais, un exemplo desto témolo no caso de que actualmente, por exemplo, en Salvaterra do Miño ten un negociado de despacho de trámite de carné de identidade que está pechado por falta de recursos, eses recursos quen os tiña que mandar era a Comisaría Provincial de Pontevedra, a comisaría principal, que é de quen é responsabilidade de cubrir esas baixas e, por outro lado, o propio Subdelegado do Goberno xa recoñeceu no seu día nunha reunión que tivo cos veciños do Campillo que os recursos humanos que tiña actualmente, naquel momento cando el fixo esas declaracións, a Comisaría Provincial de Pontevedra, non eran os máis axeitados para dar resposta ás necesidades dos cidadáns do que é o noso municipio, despois por outro lado o índice de criminalidade tamén aumentou, e se chegou incluso no mes de xullo deste ano con respecto ao mes anterior do 2006 ao cen por cen, despois teremos a oportunidade de profundizar un pouquiño máis neste tema; por outro lado como comisaría provincial que é teñen sede grupos tan importantes como é o GRECO e a UDICO que se dedican un ao crime organizado e o outro ao tema de drogas, estes grupos necesitan pois dalgunha forma apoio cando menos de funcionarios de ambos tipos pero especialmente corpos xerais, xa non digamos a singularidade do que é a provincia de Pontevedra, que a nós nos comparan con cidades como Jaén, Ciudad Real, Huelva, que creo que o perfil

CONCELLO DE PONTEVEDRA

da nosa provincia non ten nada que ver con ningunha desas cidades, entonces ante todo isto pois nós traemos unha proposición que o que pedimos en realidade é que o documento base que regula os postos de traballo que é o catálogo que actualmente limita o número máximo a 200 efectivos na comisaría principal de Pontevedra que quede aberto a 250 para que en caso de que durante os anos que veñen de seguido se poida chegar ata o número que falla falta, non olvidemos que este catálogo de postos de traballo, o último que se renovou foi no 2001 ou 2002, estes catálogos se negocian a períodos largos, mínimo a cinco anos, polo tanto creo que é xusto que o sindicato o SUP neste tema, como eles me comentaban que realmente a eles teñen que facer o número de horas de traballo e traballar e nada máis, pero como representantes policiais teñen unha inquietude e responsabilidade ante o que é a cidadanía de Pontevedra, polo tanto creo que non é moito pedir se realmente se lle propón ao Ministro o que expoñemos aí na proposta esta que é, nin máis nin menos, que se abra o catálogo a 250.

Seguidamente fai uso da palabra **don José Antonio García Lores**, en presentación do grupo municipal do Partidos dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo: "Non vou a eximir ao goberno do Estado neste caso da responsabilidade que lle compete agora mesmo e, como non podía ser doutro xeito, apoiamos a creación de emprego e o incremento de efectivos neste caso que se propón e que me consta que o SUP ten claramente estudado e demandado ao longo destes anos, pero tamén quixera deixar algunha pincelada no camiño, case invito aos membros da oposición a que opten vostedes algún a eses postos que algúns deixamos de secretarios xerais ou de sindicalistas porque están con unha cuestión e cunhas ganas de crear emprego encomiables, pero deben de recoñecer tamén vostedes a súa negativa xestión durante estes anos pasados e gustaríame que tras esta emenda non se tratase de enmascarar dalgún xeito o crear a imaxe de que a seguridade cidadán estase deteriorando en España, en Galicia e en Pontevedra dende a chegada do goberno socialista, porque quixera deixar algúns datos, como dicía, no camiño, durante os oito anos de goberno do Partido Popular, a inversión pública en seguridade descendeu un 1,5% a favor da seguridade privada, se reduciu o número de policías e de gardas civís e ademais a taxa de criminalidade creceu notablemente durante eses oito anos, ademais moi especialmente durante os anos en que foi Ministro de Interior o señor Rajoy entre febreiro do ano 2001 e xullo do 2002, onde se incrementou a taxa de infraccións en 5 puntos por cada 1000 habitantes, e esa é unha xestión que loxicamente ten que ir ás alforxas do Partido Popular e de vostedes que hoxe defenden o que plantexa o SUP como dicía moi encomiablemente pola súa parte; dende decembro de 2003 o goberno actual creou 5.988 postos de Policía e supoño que vostede coñece moi ben estes temas leu o balance de criminalidade do ministerio, e no que se refire aos datos de Galicia e concretamente tamén aos de Pontevedra, somos a segunda

CONCELLO DE PONTEVEDRA

comunidade onde menos delitos hai entón hai que ter tamén certa moderación no tratamento dos datos dado que a porcentaxe é a mesma nun incremento pois de roubos con forza de 2 a 4 que de 2.000 a 4.000, entón digo que á hora das gráficas e estas cousas hai que andar con coidado, entón gustaríame que non se cre un alarmismo aquí e se pinte un panorama catastrófico con independencia de que a creación deses postos de traballo indubidablemente son necesarios e como falamos de Pontevedra, como dicía antes tamén o señor Telmo, onde estea o mellor para Pontevedra tamén estaremos nós."

A continuación, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, intervéñ **don Guillermo Vázquez Vázquez**, manifestando: "Efectivamente quizá non convén deixar caer unha presunta falta de seguridade na cidade de Pontevedra, son dos que creo que a cidade de Pontevedra é a máis segura do estado español, das que menor índice de criminalidade ten e iso o din as estatísticas oficiais, salvo que mintan as estatísticas oficiais, porque claro depende do goberno que sexan poden mentir, pero eu estou convencido de que nesa tese ademais evidentemente contribúe non soamente a cohesión da sociedade pontevedresa que evidentemente está bastante máis cohesionada que outras, senón e xa que se estivo deslizando o tema da Policía Local que algún día poderemos entrar a fondo nesa cuestión, pero xa que se deslizan cuestións, deixando caer que non sei que pasa coa Policía Local, pois hai que romper unha lanza a favor en que nesa seguridade da que disfrutamos en Pontevedra ten un labor moi importante tamén a Policía Local de Pontevedra, un moi importante labor a Policía Local de Pontevedra, digo porque xa que nos poñemos pois falemos de todo, polo demais seguro que existen posibilidades de mellorar a actuación da Policía Nacional con máis efectivos humanos e materiais e seguro que tamén para Pontevedra e para a súa Comisaría Provincial pois debe estar en canto a número de efectivos en ratios semellantes a outras cidades e provincias, e polo tanto nós nese sentido imos a votar a favor tamén desta moción."

Novamente intervéñ o **Sr. Suárez Costa**, dicindo: "Simplemente quixera pedirlle ao señor Lores que lle transmita ao seu partido que realmente faga en Pontevedra cando menos o mesmo que fixo o PP xa que falamos un pouco do que realmente foron os anos anteriores, porque a Policía Nacional actualmente non sei se vostede sabe que os coches patrulla están todos pola rúa, que aquilo é un desastre e que comisaría quédase pequena e estamos falando do que é a comisaría provincial, o PP afrontou o tema da Garda Civil, fixo o cuartel da Garda Civil, arregloul e trouxo os grupos especiais da Garda Civil e pódese dicir que as convocatorias maiores de policía, e iso está aí que ninguén o pode negar, fixéronse na época do Partido Popular cando estaba gobernando; por outro lado no que respecta ao tema de aquí simplemente dicirlle que non é que o diga eu se-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

nón que mo transmitiron, que vostedes o podían traer aquí igual que o traio eu e ao mellor non tiñamos que estar debaixo isto porque iso a noso grupo quen nos transmitiu estes datos foi o SUP, o Sindicato Unificado de Policía, e vostedes teñen que na noite do 14 deste mes na rúa había un só coche, un "Z", e dentro dese "Z" ía un policía nacional e un auxiliar, ou sexa para 80.000 veciños que ten Pontevedra, entóns creo que isto dalgunha forma xustifica os datos ou o que é esta moción, polo tanto non vou seguir comentando máis datos que teño aquí acerca deste tema porque creo que está máis que xustificada a moción e por suposto creo que todos estaremos de acordo en que Pontevedra se siga mantendo como comisaría principal de policía e que se dote dos recursos que se necesita, estamos falando de abrir o catálogo, ou sexa non estamos falando de que nos dean os 250 policías, estamos falando ata un tope máximo, vaíamos por aí."

De seguido fai uso da palabra o **Sr. García Lores**, sinalando: "Como vostede mesmo dicía e se reflicte na moción o propio Subdelegado do Goberno reconece no seu momento as carencias que hai e evidentemente me consta que iso non se queda aquí soamente e esperemos que agora que está de moda isto da "Z" pois teña tamén a súa incidencia sobre eses vehículos."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes (non están o señor Mosquera Lorenzo e a señora Alonso Caramés), acorda aprobar a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre o aumento de efectivos da Policía Nacional no Concello de Pontevedra, nos termos establecidos na precedente transcripción da moción presentada.

12.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DITADOS NO MES ANTERIOR.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de setembro de 2007.

INCIDENCIAS.- Sendo as 14:14 horas, reincorpórase á sesión dona Celia Alonso Caramés.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PREGUNTAS DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA TERESA PEDROSA SILVA, EN RELACIÓN CO ABOAMENTO DE TAXAS POLA EMPRESA TAFISA CON MOTIVO DA SOLICITUDE DE LICENZA PARA CONTINUAR COA ACTIVIDADE INDUSTRIAL E O SENTIDO DO VOTO DO PARTIDO POPULAR NO CONVENIO DE TAFISA.

A **Sra. Pedrosa Silva**, manifesta: "Tengo dos preguntas y un ruego, las preguntas relativas a una intervención de este pleno anterior y el ruego es relativo al caos de tráfico y a la reforma de la Avenida Reina Victoria, calle Rosalía de Cas-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

tro, etc.; en cuanto a las preguntas el señor Mosquera en su intervención sobre Tafisa afirmó en numerosas ocasiones en esa intervención que Tafisa pidió licencia en el año 2003 en varias ocasiones para continuar la actividad, es de todos sabido que cualquier ciudadano normal o cualquier empresa en Pontevedra para pedir una licencia tiene que pagar el 1% a este Concello, entonces me gustaría que, certificado por el Interventor del Ayuntamiento, se haga constar el importe que ingresó Tafisa en el año 2003 por petición de varias licencias y cuánto cobró en consecuencia el Ayuntamiento por esas licencias de Tafisa, porque es todos los plenos lo mismo pero yo las he pedido en varias ocasiones y nunca lo encuentro, y también le pido que me certifique el Secretario el acuerdo del pleno o de cualquier comisión o convenio donde el portavoz del Partido Popular señor Juan Luis Pedrosa votó a favor del convenio de Tafisa en el año 2003, eso en cuanto a las preguntas. Puedo hacer ya el ruego?".

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**: "Contestarallas o señor Mosquera no seu momento."

B) ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA TERESA PEDROSA SILVA, SOBRE O CORTE DO TRÁFICO NA AVENIDA REINA VICTORIA.

A **Sra. Pedrosa Silva**, manifiesta: "En cuanto al ruego es relativo a estos días, como es de todos sabido por la ciudadanía, hay un caos importante de tráfico originado por el corte de tráfico en la calle Reina Victoria en confluencia con Rosalía de Castro, fundamentalmente, y hemos comprobado que también la actuación, manifestada ayer en algún medio de comunicación por el portavoz de obras parece ser en este mandato, señor Guillerme Vázquez, hacía de la Policía Local que los primeros días parecía que estaba ausente o semiausente y después pues incisivamente multando, nosotros no compartidos ni uno ni otro caso, ni de ausencia de la policía ni la exagerada, creemos que la policía local de cualquier ciudad lo que debe hacer fundamentalmente es ayudar a los ciudadanos, en el sentido del tráfico a hacerlo lo mejor posible y desde luego cuando incumplen a multar pero no en momentos de estrés y de tensión tan fuertes como los que se vivieron esta semana, con independencia de que se podía hacer mucho mejor la reordenación del tráfico, desde luego nosotros la hubiéramos hecho mucho mejor sin duda alguna, hay algunas cosas que no se hacen y que pedimos aquí que se realicen en los próximos días, la obra está claro que va un poco más rápido desde las manifestaciones del Partido Popular, he de decir al respecto de la lentitud, en cuanto a la ejecución de la obra y las manifestaciones del gobierno de que al menos tardarían quince días nosotros estamos por asegurar que, dado esta presión, se van a anticipar y esperemos que en los próximos días el martes o miércoles de la semana que viene estén terminadas las obras y se pueda solucionar el tema, tal y como van en este momento, pero si no es

CONCELLO DE PONTEVEDRA

así hay que seguir poniendo medidas que puedan paliar los efectos en los ciudadanos y consideramos que hay una clave y fundamental con la que la señora Casal seguro que estará de acuerdo porque en numerosas ocasiones en el mandato pasado haciendo oposición a Mosquera estaba en contra de los bolardos, es retirar los bolardos que hay en la Plaza de España cara a la calle Riestra para que puedan, por lo menos, acceder los vehículos que lo necesitan primordialmente, es decir taxistas, ambulancias, Policía Local, garajes, es decir que puedan ir en estos días que está este caso de tráfico vigente que puedan ir cara a la plaza de Galicia, cualquier persona que se sitúe ahora en la plaza de España, delante del Ayuntamiento, y piensen como tienen que ir a la plaza de Galicia, se imaginarán que hay una línea recta que es la calle Riestra y hay un montón de vueltas que tardan alrededor de una hora para llegar por otros sitios, entonces entendemos que se deben retirar ya esos bolardos de la plaza de España, cara a la calle Riestra, en el plazo más breve y si no nos veremos obligados en su momento los concejales del PP a quitarlos, creo que es una demanda que necesita la ciudadanía de Pontevedra y que en este tiempo que duran las obras, en el tiempo que duran las obras, creo que el Partido Socialista estará de acuerdo porque así lo manifestó ya en muchas ocasiones, pues le rogamos que haga ese alivio a los ciudadanos de Pontevedra durante este tiempo."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e como Concelleiro de Goberno delegado da área de Protección Cidadá, intervén **don Guillermo Vázquez Vázquez**, dicindo: "Estou encantado francamente de que vostedes saquen esta cuestión, a min sabe que me gusta discutir, me gusta moito discutir, e teño poucas oportunidades de facelo; deixando a un lado que acepto ou que podería aceptar a crítica sobre a lentitude das obras de Rosalía de Castro deixando a un lado iso, que acepto, de todas maneiras o que non acepto a partir de aí é case nada e vou a explicar o outro día declaraba o seu portavoz que a min de verdade que me iluminou, porque resulta que esa mesma empresa en Sanxenxo sei que fixo un porto en 45 días, esa empresa da color político, non sexa o demo que ao señor Martín que é guapo, ten os ollos máis bonitos de Galicia, é sedutor, é un home que sabe de números, pero terá esa capacidade que os demais non teñamos, é dicir que a empresa SERCOYSA se seduce en Sanxenxo e aquí porque somos unha panda de túzaros, incapaces de negociar nada, curtos, cortitos de mente, ou sexa pequeñitos de todo, que non sabemos, aquí resulta que se retrasa, a min me entra máis ben a historia de que quizá ao mellor me abre a luz se hai color político; pero dito iso, mire, a partir de aí, se se aceleran as obras de Rosalía de Castro pódolle asegurar que non é por intervención do Partido Popular, admítame que algo teremos dito, algo teremos falado e algo teremos presionado ao respecto; con relación ao corte de tráfico quero explicarlle o seguinte: o

CONCELLO DE PONTEVEDRA

corte de tráfico é absolutamente necesario, entonces volvemos a ser os demais cortitos, unha cosita que non sabemos, pódolle asegurar que o intentamos por activa e por pasiva que non se producira, desmíntame vostede o que queira; en segundo lugar, este corte de tráfico estaba previsto pola empresa o día 5, e nós estivemos precisamente para minimizar os efectos, etc., obrigando á empresa a retrasalo a que se acabara a folga da construción, tamén se daba outra circunstancia que o día 12 era festivo, a partir de aí hai plano de tráfico, ese plano de tráfico ninguén negará que nós anunciamos que efectivamente o primeiro día ía traer complicacións, como é lóxico, como é lóxico porque o primeiro día crea máis complicacións; podó admitir tamén que efectivamente o primeiro día por unha circunstancia determinada que non vou a relatar agora nun momento dado había ausencia da policía local, pero tamén lle podó dicir, que a diferenza do que dicía o señor Argenti o outro día, a persoa que estaba alí resultando o tráfico, entre comillas, non era un espontáneo, era unha persoa da empresa que precisamente puxo a empresa, porque efectivamente todas as empresas deben colaborar nesta cuestión; e logo xa lo de multando exaxeradamente, dígame vostede cómo se multa, se multa discriminadamente, mire isto mesmo que vostedes afirman para a Policía Local non se atreverían xamais a afirmalo para a Garda Civil, non se atreverían, é dicir porque eu tamén me podó sentir moi molesto porque se vou a 70 en límite de 50 van e me multan, pero vostedes non se atreverían a pedirlle ao Ministro do Interior que a Garda Civil non multe tanto, a Policía Local cumpre coa súa obriga e andar, por certo, sen ningunha orde especial, que se lles meta a vostedes na cabeza, cumpre coa súa obriga, e todo este tipo de afirmacións o único que fan é que a Policía Local vaia perdendo crédito dentro dos cidadáns, é dicir chegar á afirmar que se multa ou non se multa caprichosamente, e cando un cidadán chega á convicción de que ao final se pode multar ou non segundo como te poñas de arriba para abaixo o único que fai é acabar co crédito e o prestixio da Policía Local; postos neste pleno respaldo absolutamente a actuación dos axentes nese corte de tráfico e lle sigo falando a vostede que falaba de medios de comunicación, tamén llo repito aquí, o que non pode ser é "pao se remas e pao se non remas", iso non vale ao mesmo tempo, non se pode criticar a urxencia de non se sabe que, a falta de actuación, e despois criticar que se actúa, non vale todo señora Pedrosa; polo demais os bolardos na praza de España, vostedes seguen pois vaia vostede co pico e coa rebarbadora e quíteos, a min me parece mentira dun grupo municipal que aspira a gobernar Pontevedra, vostede imaxínese se dixera o contrario, di se vostede non quita a cousa, non digo bolardos digo calquera cousa, mi grupo municipal o quitará el, é tremendo señora Pedra, e tremendo, perdoe que foi o que entendín me dixó vostede; polo demais non sei quen lle informa a vostede, os señores taxistas levan moito tempo facendo un recorrido para chegar á praza de Galicia, tremendo, Michelena, Gutiérrez Mellado, tremendo, é unha cousa

CONCELLO DE PONTEVEDRA

absolutamente espectacular o recorrido, mete medo diría eu, o dicía pola diminución de impostos, diminución de impostos polo gasto excesivo de gasóleo por 50 metros máis, a cousa imos a deixala no seguinte, admito o retraso nas obras de Rosalía, a empresa ten dende logo, no que compete a este Concello, a orde de acabar e acabar xa, xa sei cales son os prazos previstos, non están derivados de ningunha xestión súa, xa os tiña antes a empresa, outra cousa é a polémica esa de a ver se son 15 días para que ao 15 empezar a dicir que non se cumpre, xa sei que a empresa ten a convición de poder acabar antes de que acabe a semana que ben, de todas as maneiras como vostede sabe unha cousa é o que acaban dicindo as empresas e outra cousa é que ás veces a realidade non é así e entón un, en fin, dende o punto de vista político poderá ser moi pouco interesante para quen eu me sei, pero el se cura en saúde, pero non porque non saiba, nin o teña falado e nin o teña determinado; con isto non sei se lle dou satisfacción, seguro que non, eu sempre lle quero dar satisfacción pero a veces non o consigo, agora o que non se poden facer son versións absolutamente unilaterais ou baseadas en presuncións que non responden á realidade, non responden á realidade señora Pedrosa."

A continuación a señora Pedrosa Silva solicita a palabra e o **Sr. Alcalde-Presidente**, manifesta: "O sinto moitísimo pero isto é un rogo, se contestou, se fose unha interpelación interviríamos tres veces pero agora é un rogo."

C) PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JOSÉ MANUEL BARRAGÁNS MUÑÍZ, SOBRE NECESIDADES DE REPARACIÓNS NO COLEXIO DE PARADA-CAMPAÑÓ E SOBRE A CONVOCATORIA DA COMISIÓN DO PLENO DE ASUNTOS SOCIAIS.

O **Sr. Barragáns Muñiz**, manifesta: "Quero facer tres ou catro preguntas, teño un escrito aquí da Directora do Colexio Parada de Campañó no que xa o ano pasado lle dicía que neste centro hai necesidades urxentes de arranxo, moi urxente, algunha aprobada xa no ano pasado con data e presuposto e non sabemos que pasou que despois non se fixo nada, todos estes arranxos deben facerse sen nenos na escola, hai patios, solos de aula infantil, pintura de aulas de pouca superficie, persianas rotas, ventás e electricidade nas aulas, deficientes arranxos de enchufes que están desconchados e en mal funcionamento e solicitou un aviso a persoa responsable do centro con urxencia pois son arranxos moi rápidos, levamos anos solicitando o mesmo e non se fixo nada, entonces eu quería preguntarlles, primeiro, por que non se tomaron as solucións antes do inicio escolar?, segundo, por que tras un ano non teñen a mínima resposta nin plantexamentos de solucións?; quen terá a responsabilidade de posibles lesións cando un neno poida ter problemas, por exemplo cos enchufes?, en definitiva quixera que me dixeran, ónde está o informe urxente, grave, enviado pola Directora sobre as deficiencias do centro?, e quen pasou olímpicamente do mesmo?, qué tempo consideran oportuno para

CONCELLO DE PONTEVEDRA

facen algo?, este curso, o curso que ven, ou imos esperar que os rapaces sigan acumulando puntos de sutura, porque algún xa ten máis que o Leis e o Teucro xuntos, supoño que os arranxos non se deixarían de facer por falta de cartos, porque supoño que non temos carreira de tirar cartos en arranxos urxentes nos colexios cando aquí se nos dixo no pleno anterior que hai superávit de caixa no concello, e por último, a pregunta é creo que Campañó xa está bastante castigado de abondo con outras zonas sen alcantarillado e sen auga e tampouco creo que sexa cuestión de bregalo cuns concellos de segunda división en un claro abandono técnico; e tamén se permite facer un rogo sobre o mesmo colexio, neste colexio hai unha pista cuberta que non cerrada, no inverno debería ser así porque aquilo é impracticable no inverno, o chan inicialmente era de asfalto liso, hoxe é de asfalto rugoso, máis ben non hai asfalto senón o resto que queda de gravilla, as caídas conlevan inmediatas lesión, feridas e puntos de sutura, xa se presupostou a obra de asfaltado, xa están os cartos, din que fai dous anos, xa se adxudicou a unha empresa Construcións Casás, xa foi a empresa polo sitio, pero nestes dous anos deben ter cousas máis urxentes que facer pois a pista segue sen ser asfaltada porque ningún se preocupou de esixir á empresa a realización da obra e ía ben que, por exemplo, o concelleiro responsable, o señor Alcalde ou quen sexa, que os xestione, que os apure, que o fagan e senón pásenos o testigo e con moito gusto o fago, a pista segue así desfeita e despois os rapaces seguen caendo, seguen esnafrándose e estes xa teñen máis puntos que o Pontevedra; e por último, se me permite a última pregunta, señora Castejón, por qué normalmente todos os meses debe reunirse a Comisión Permanente de Asuntos Sociais e neste mes en principio non se fixo e quería ver se ten unha explicación ou se un acto circunstancia o que nos imos a saltar un pouco a normativa."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, e como Concelleira de Goberno da área de Educación, fai uso da palabra **dona Margarita Castejón García**, dicindo: "Voy a contestar un momento se me permite, muy brevemente, porque solamente quiero decir que respecto al colegio de Campañó, lo extendería a todo Campañó, pero voy a hablar del colegio de Campañó muy brevemente; por suerte, señor Barragáns, la situación del colegio no es esa que usted describe, hay obras pendientes y hay cosas que hacer, pero por suerte no, por Dios, que acaba de describir usted una situación que da miedo mandar a los niños y no es así; por otra parte, en cuanto a quién visitó ese colegio, soy la Concelleira responsable del área de Educación y visité ese colegio acompañada de la Directora General, acompañada del Aparejador municipal y de otro técnico del Ayuntamiento, lo visité recientemente igual que visité todos los colegios y tenemos preparado todo el planteamiento de cómo se van a hacer las obras y todas esas menores de las que habla usted eviden-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

temente se resuelven inmediatamente en el mismo momento en que se llama al Concello, inmediatamente se cambia un enchufe y se arregla un enchufe, o sea cuidado con estar aquí describiendo situaciones caóticas porque acaban ustedes perdiendo credibilidad y cuando quieran plantear un problema serio nadie les va a hacer caso; y en otra cuestión eso de reprender por si acaso le advierto que estamos a día 19 de octubre, hay que convocar cada mes una comisión, se convocará para el día 25, pero estamos a día 19, no se gaste usted por favor haciendo preguntas en los plenos para ver si vamos a hacer lo que tenemos que hacer que ya sabemos que vamos a hacer.".

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás catorce horas e trinta minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.